SERVIZOS CENTRAIS
Praza de Europa 5 A – 6º
Teléfono: 902 400 870 – Fax: 981 545 324
www.portosdegalicia.com
15707 SANTIAGO DE COMPOSTELA

ANTEPROXECTO LEI PORTOS DE GALICIA.

INFORME DE PORTOS DE GALICIA DE TRAMITACIÓN SOBRE OBSERVACIÓNS E ALEGACIÓNS PLANTEXADAS AO TEXTO DO ANTEPROXECTO.

OBSERVACIÓNS FORMULADAS POR ÓRGANOS DA XUNTA DE GALICIA.

SECRETARÍA XERAL TÉCNICA E DO PATRIMONIO DA CONSELLERÍA DE FACENDA.

Sobre as alegacións aos artigos 7 a 28 do Capítulo I do Título I do borrador de Anteproxecto de lei de Portos de Galicia, en adiante o Borrador ou o ALPG.

1. Denominación do Capítulo I: en atención a alegación formulada ao respecto procedese a establecer intitulación do capítulo consignando o de "Entidade Pública Empresarial Portos de Galicia".

2. No artigo 7.3 incorporase a mención á tesourería propia que a entidade ten.

3. Ao longo do texto do ALPG, procedeuse a substituír a expresión "Entidade Pública" por "Entidade Pública Empresarial" e a autorizar o uso do seu acrónimo E.P.E..

4. No artigo 11 acollendo a alegación formulada sobre diferenciación entre órganos de goberno e executivos, especifícase, como órganos de goberno da Entidade, a Presidencia e o Consello Reitor, e como órgano executivo a Dirección.

5. No artigo 12 dedicado á Presidencia da entidade pública Reitor, mantense a redacción dada en canto á nomeamento deste cargo xa que a LOFAXGA, no artigo 64.2 e o actual estatuto de rango legal de Portos de Galicia, permiten que se designe para o desempeño deste cargo a unha persoa distinta da titular da consellería de adscrición da Entidade. Esta redacción axústase por outra parte ao suxerido no seu informe pola Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa.

   5.1. En relación ás función da Presidencia, reguladas no apartado 3 do artigo 12, aténdense as consideracións.

   5.2 A regulación da vacante, ausencia ou enfermidade da persoa titular da Presidencia, realizase coa previsión da substitución pola persoa que designe expresamente a persoa titular da consellería de adscrición, seguindo o criterio establecido actualmente no Regulamento de Portos de Galicia.

6. En relación ao observado respecto do artigo 13.5 acollese a recomendación feita no informe de referencia e engádese unha referencia ao disposto na Sección 3ª do Título I da Lei 16/2010, do 17 de novembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, e subsidiariamente no capitulo II do titulo II da lei 30/92, do 26 de Novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

7. En canto á redacción do artigo 15, acóllense as consideracións formuladas, relativas á definición da Dirección como órgano executivo da xestión ordinaria da entidade, forma de nomeamento e separación, e inclusión da mención ao rango de dirección xeral, alto cargo, que ten este órgano.

SERVIZOS CENTRAIS
Praza de Europa 5 A – 6º
Teléfono: 902 400 870 – Fax: 981 545 324
www.portosdegalicia.com
15707 SANTIAGO DE COMPOSTELA

8. Sobre a redacción do artigo 17, que no ALPG pasa a ser o artigo 20, relativo ao réxime de contratación, ademais de substituír a definición, que agora fala de réxime de contratación, se engade á mención á persoa titular da Presidencia como órgano de contratación.

9. Sobre o artigo 19.2.f), que no ALPG pasa a ser o artigo 22.3.h), acóllese a indicación realizada, e conforme ao indicado no informe de referencia, engádese como un recurso económico da entidade a dotación dunha porcentaxe dos beneficios que resulten da conta de explotación á dotación dun fondo para atender as necesidades de explotación e as de renovación, ampliación e mellora do activo .

10. Sobre o artigo 21, que no ALPG pasa a ser o artigo 24:

    10.1. Cámbiase a denominación do precepto pola de Réxime orzamentario, económico financeiro, de contabilidade e de control, tal e como se suxire.

    10.2. Seguindo a correlativa indicación establecese que a entidade pública empresarial estará suxeita ao control externo do Consello de Contas de Galicia e do Tribunal de Contas do Estado, nos termos dispostos na normativa de aplicación.

    10.3. Recollendo a indicación ao respecto disponse no ALPG, que a entidade pública empresarial estará suxeita ao control de eficacia no cumprimento do seu plan de actuación que será exercido pola consellería de adscrición.

11. Sobre o indicado en relación ao artigo 24, que no ALPG pasa a ser o artigo 27, relativo ao réxime de persoal, indicar que substancialmente as consideracións que se efectúan sobre este artigo, xa se recollían no borrador de ALPG, se ben, se acollen tamén no substancial as consideracións feitas, ben entendido que sobre este precepto en concreto, se recollen tamén observacións efectuadas por outros órganos da Xunta de Galicia con competencias na materia, en particular a Dirección Xeral da Función Pública, que formula observacións basicamente coincidentes coas que efectúa a Secretaría Xeral Técnica e do patrimonio da Consellería de Facenda.

    No sentido apuntado, se modifica o apartado primeiro para dar entrada á potencial inclusión entre o persoal da entidade pública de persoal funcionario, seguindo para elo, de maneira literal, a redacción contida no artigo 58 da Lei 10/2010, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

    Feita a anterior modificación, e dada a situación de facto que parte da existencia dunha relación de persoal integrada en exclusiva por persoal laboral con dúas únicas excepcións de persoal integrado procedente da antiga Subdirección Xeral de Portos, persoal laboral que no caso do persoal fixo accedeu a través de convocatorias públicas anteriores á entrada en vigor da lei 7/2007, do Estatuto Básico do Empregado Público, a postos de traballo que de acordo cos termos de ditas convocatorias implican a realización de funcións reservadas na Lei 2/2015, de emprego público de Galicia, a funcionarios, se inclúe unha disposición transitoria sexta axustada ao previsto na Disposición Transitoria primeira da Lei 2/2015.

SERVIZOS CENTRAIS
Praza de Europa 5 A – 6º
Teléfono: 902 400 870 – Fax: 981 545 324
www.portosdegalicia.com
15707 SANTIAGO DE COMPOSTELA

Engadir que se efectúa tamén unha remisión á normativa aplicable, laboral e convencional, e aplicable ao emprego público, con mención ao réxime de incompatibilidades, se prevé a competencia do Consello Reitor para aprobar e modificar o cadro de persoal, e se inclúe tamén a mención aos principios previstos no artigo 58 da LOFAXGA para os procesos de selección e provisión de persoal, engadíndose tamén a remisión aos principios previstos na lei 2/2015, do emprego público de Galicia, aprobada con posterioridade á emisión do informe.

12. Se cita tamén no artigo 27 a posibilidade de contratación de persoal de alta dirección conforme ao artigo 60 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, e engadindo tamén a remisión á Lei 2/2015, do emprego público de Galicia.

13. Sobre a observación relativa á falla de regulación dos recursos contra actos de Portos de Galicia, asistencia xurídica e responsabilidade patrimonial, se incorpora a seguinte regulación:

13.1. Recursos contra actos de Portos de Galicia. Regúlanse como están actualmente no regulamento de Portos de Galicia. (artigos 16 e 17 do ALPG).

13.2. A representación e defensa xurídica da entidade pública empresarial será encomendada a Asesoría Xurídica Xeral da Xunta de Galicia, mediante o oportuno convenio, sen prexuízo de designar procurador e avogado que a represente e defenda, baixo supervisión daquela. (artigo 18 do ALPG), cunha regulación similar ás de outras entidades instrumentais autonómicas.

13.3. Responsabilidade patrimonial. Se regula ídem Puertos del Estado no artigo 16 do ALPG.

14. A mención a plan de actuación e control de eficacia conforme ao establecido no artigo 91 da LOFAXGA, se inclúe nun novo apartado 5, que se engade ao artigo 24 do ALPG, relativo ao réxime orzamentario, económico financeiro, de contabilidade e de control.

DIRECCIÓN XERAL DE AVALIACIÓN E REFORMA ADMINISTRATIVA.

A. En relación coas directrices de técnica normativa da Xunta de Galicia.

1. En canto ao índice da norma, a nova versión do ALPG inclúe un índice despois do título e antes da parte expositiva do anteproxecto.

2. En canto ao uso de linguaxe non sexista, a nova versión do ALPG se modifica neste aspecto, observando tamén as consideracións que efectúa a Secretaría Xeral de Igualdade, que se recollen mais adiante.

B. En relación coas prescricións da LOFAXGA.

B.1. En canto á regulación da organización e funcionamento da entidade instrumental Portos de Galicia, e sobre a observación de que en ningún precepto do texto se contempla a existencia, elaboración e aprobación duns estatutos da entidade, sinalar que con ocasión da redacción dunha lei de Portos de Galicia, o que se pretende é refundir a normativa

SERVIZOS CENTRAIS
Praza de Europa 5 A – 6º
Teléfono: 902 400 870 – Fax: 981 545 324
www.portosdegalicia.com
15707 SANTIAGO DE COMPOSTELA

autonómica con rango de lei en materia de portos, e entre esta normativa, a lei 5/1994, do 29 de novembro, que crea a entidade pública, se traslada en bloque a esta nova lei, se ben, se modifica a orde dos capítulos da norma orixinal, e se adaptan estes naqueles aspectos que non se axusten á LOFAXGA, pero non é loxicamente o obxecto da Lei de Portos de Galicia, a creación "ex novo" dunha entidade que, como queda dito foi, creada en virtude dunha lei de 1994, sendo preciso engadir que o decreto 227/1995, do 20 de xullo, que aproba o regulamento de Portos de Galicia, manterá a súa vixencia agás naqueles aspectos que se opoñan as modificacións que se efectúen nesta Lei.
Dito o anterior e con respecto á suxestión de modificación do artigo 1 relativo ao obxecto da lei, se inclúe a mención á regulación da organización portuaria de Galicia

B.2. En canto á natureza da entidade instrumental Portos de Galicia, e a suxestión de modificación do artigo 7, acóllense as consideracións formuladas, e se modifica o apartado 1 deste artigo, que define á entidade Portos de Galicia, como unha entidade pública empresarial das reguladas na sección 4ª do capítulo II, do Título III, da LOFAXGA..

B.3. En relación cos órganos de goberno e executivos da entidade instrumental Portos de Galicia.

De acordo coas suxestións de modificación, se suprime do título da sección 2ª do capítulo I do Título I a mención a "órganos de Goberno", e se substitúe pola de "Estrutura administrativa", se ben, tendo en conta as observacións formuladas pola Secretaría Xeral Técnica e do patrimonio que se analizan no anterior apartado deste informe, esta sección regula agora tamén os actos da entidade pública empresarial así como os recursos e reclamacións contra estes.

Da mesma maneira e tal e como se fai constar antes, se diferenza agora no artigo 11 entre órganos de goberno e órganos executivos.

B.4. En canto á identificación, nomeamento e funcións da Presidencia da entidade instrumental Portos de Galicia e da Presidencia do Consello Reitor da entidade.

O artigo 11 xa recolle como órganos de goberno a Presidencia e o Consello reitor.

Seguindo coas suxestións de modificación, se aclara no artigo 12 a confusión entre Presidencia da entidade e Presidencia do Consello Reitor; este artigo en concreto regula a Presidencia da entidade e as súas atribucións, e se recolle de maneira expresa, que para a identificación e nomeamento deste órgano unipersoal de goberno se opta pola segunda opción prevista no artigo 64.2 da LOFAXGA.

Pola súa parte, as funcións do Consello Reitor, diferenciadas das anteriores, son as previstas no artigo 13, funcións que no texto examinado recollen as do actual estatuto de rango legal de Portos de Galicia, pero que de acordo co suxerido, tamén se adecúan á LOFAXGA, coa inclusión das funcións atribuídas por esta lei con carácter de mínimo.

En canto ás funcións da Dirección, faise unha derivación expresa a outras funcións atribuídas noutras normas de desenvolvemento regulamentario.

B.5. Sobre o principio de que o financiamento das entidades públicas empresariais do sector público autonómico debe basearse preferentemente nos ingresos propios.

SERVIZOS CENTRAIS
Praza de Europa 5 A – 6º
Teléfono: 902 400 870 – Fax: 981 545 324
www.portosdegalicia.com
15707 SANTIAGO DE COMPOSTELA

Se recolle a suxestión de modificación no actual artigo 22 do ALPG, coa introdución dun novo apartado 2, que recolle o principio de financiación das entidades públicas empresarias previsto no artigo 92 da LOFAXGA.

B.6. En relación co plan anual de actuación da entidade e o control de eficacia no cumprimento deste plan.

Sinalar que na derradeira versión do ALPG, se contempla a figura do plan de actuación no artigo 24, coa mención a plan de actuación e control de eficacia conforme ao establecido no artigo 91 da LOFAXGA, e do control da eficacia no artigo 29 entre as atribucións da consellería competente en materia de portos.

DIRECCIÓN XERAL DE PLANIFICACIÓN E ORZAMENTOS.

1. A Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos, formula os seguintes requirimentos:

En canto ao Consello reitor, se observa que se debe de indicar con claridade se os seus membro perciben algún tipo de retribución ou indemnización/compensación.

Relativo ao artigo 124.2 (actual artigo 127.2 do LPG) que atribúe ao persoal de Portos de Galicia funcións inspectoras e de policía administrativa como axentes da autoridade, observan que a valoración desta medida esixe o aporte dunha relación de persoal e memoria económica que especifique o maior gasto que vai a supoñer o exercicio das mencionadas funcións e o seu financiamento, memoria que deberá de axustarse ao disposto na Orde de 3 de marzo de 2011, pola que se establece o contido mínimo da memoria económico financeira nos casos de iniciativas lexislativas ou de aprobación de normas con rango regulamentario, plans ou programas de actuación.

2. En relación ao primeiro, indicar que no artigo 28 do borrador de Anteproxecto relativo ás competencias do Consello da Xunta, engádese un novo apartado j) que acolle o dito requirimento e que queda redactado co seguinte teor:

> l) A fixación do réxime retributivo dos membros do Consello Reitor e a determinación das dietas, indemnizacións ou compensacións económicas por asistencia dos seus membros ás sesións e xuntanzas do dito Consello Reitor.

Agora ben, cómpre sinalar que a previsión que determina a Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos, na actualidade está prevista no artigo 19.d) do Regulamente de Portos de Galicia, aprobado por Decreto 227/1995, do 20 de xullo, do Consello da Xunta que atribúe a este a competencia para "...así como a fixación do réxime retributivo dos membros do Consello de Administración" (enténdase Portos de Galicia). Se ben se acolle o observación ,o certo é que se procede a elevar de rango normativo este punto.

O Consello da Xunta na súa reunión de 12.02.1998, adoptou o Acordo de fixar en 29.000 ptas. brutas por sesión a contía que, en concepto de indemnización por asistencias as sesión do Consello de Administración do Ente Público Portos de Galicia, percibirán os seus membros. Contía que desde a dita data non experimentou variación algunha.

Respecto do maior custo que para Portos de Galicia suporá a atribución ao persoal garda peiraos da condición de axente da autoridade en exercicio das funcións de policía administrativa indicadas no artigo 124.2 do dito Anteproxecto (actual artigo 127.2 do ALPG), cómpre indicar que:

Estas funcións xa veñen sendo desempeñadas polo persoal garda peiraos, tanto o provinte da antiga Subdirección Xeral de Portos e integrado posteriormente en Portos de Galicia, como o de novo ingreso posterior, existindo xurisprudencia que lle recoñece tal condición en canto canto suxeito pasivo de atentados sufridos no exercicio destas.

Dito o anterior e con respecto a este artigo, remitímonos ao que faise constar de seguido, a propósito das observacións formuladas pola Dirección Xeral da Función Pública.

DIRECCIÓN XERAL DA FUNCIÓN PÚBLICA.

A Dirección Xeral de Función Pública, sobre a base do Estatuto básico do empregado público e da lei da funcións Pública, require a modificación dos apartados 2 do artigo 124 (actual artigo 127 do ALPG) en relación coas funcións de policía administrativa, e en consecuencia os apartados 1, 2 e 4 do artigo 24 (actual artigo 27 do ALPG), no sentido de que as probas de selección de persoal da Entidade Pública Portos de Galicia deberán axustarse aos principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade e ao resto dos principios contidos no artigo 55 do Estatuto básico do Empregado Publico.

Sen prexuízo do establecido na Disposición transitoria segunda do Estatuto básico do empregado público, e en atención ás devanditas observacións o actual artigo 27 do borrador de ALPG relativo ao réxime de persoal da Entidade Pública Portos de Galicia, se modifica acollendo ditas observacións, con remisión, tal e como faise constar no comentario sobre as observacións efectuadas pola Secretaría Xeral Técnica e do Patrimonio da Consellería de Facenda ás que nos remitimos, non só aos principios previstos na LOFAXGA, senón tamén aos principios previstos na posterior Lei 2/2015, do emprego público de Galicia.

En concreto, este artigo queda redactado co seguinte teor:

"Artigo 27. *Réxime do persoal.*

1. O persoal da entidade pública empresarial poderá ser funcionario ou laboral, e persoal de alta dirección.
2. Todo o persoal da entidade estará sometido ao réxime de incompatibilidades establecidos para o persoal e empregados do sector público.
3. O persoal laboral réxese ademais de pola lexislación laboral e polas normas convencionalmente aplicables, polos preceptos da lexislación estatal e autonómica reguladora do emprego público que así o dispoñan.
4. A aprobación e modificación tanto do cadro de persoal como da proposta de relación de postos de traballo será acordada polo Consello Reitor, logo de informe favorable dos centros directivos competentes en materia de orzamentos e de función pública. A contratación e o nomeamento do persoal corresponde ao Presidente da entidade.
5. O ingreso do persoal na entidade pública empresarial deberá realizarse mediante a convocatoria pública das correspondentes probas selectivas, que se axustarán aos principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade, e ao resto dos principios contidos na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, e na Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia.
6. A contratación de persoal de alta dirección da entidade se axustará ao establecido na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da administración

SERVIZOS CENTRAIS
Praza de Europa 5 A – 6º
Teléfono: 902 400 870 – Fax: 981 545 324
www.portosdegalicia.com
15707 SANTIAGO DE COMPOSTELA

xeral e do sector público autonómico de Galicia, e na Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia".

Con respecto ao artigo 124.2 (actual artigo 127.2 do ALPG), e co obxecto de acomodar a redacción ao observado por Función Pública, manténdose na entidade pública Portos de Galicia da maneira invariable a necesaria potestade de inspección e vixilancia prevista no apartado 1, se modifica o apartado 2, de xeito que desaparece a mención expresa aos celadores garda peiraos como axentes da autoridade, falándose agora de funcións que desenvolverá persoal de Portos de Galicia debidamente cualificado , o que, debemos insistir novamente, debe de entenderse sen prexuízo da situación de facto existente, mesmo con anterioridade á creación da administración autonómica, recoñecida pola xurisprudencia, e avaliada legalmente pola Disposición Transitoria segunda do Estatuto Básico do empregado público, e que conta tamén con apoio normativo na regulación prevista no artigo 296 do Real decreto Lexislativo 2/2011, do 5 de setembro, que aproba o texto refundido da Lei de Portos do Estado e da Mariña Mercante, de aplicación a esta mesa clase de persoal, tamén laboral, no ámbito dos portos do Estado.

SECRETARÍA XERAL DE CALIDADE E AVALIACIÓN AMBIENTAL.

1. Sobre o artigo 30. Determinacións dos Plans Directores de Infraestruturas. (actual artigo. 33 do ALPG)

En relación co citado precepto, e coa redacción do apartado 5 que se refire á memoria ambiental, se observa que a vixente Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, suprime esta referencia, e fala agora de "declaración ambiental estratéxica e informe ambiental estratéxico". 7

Sobre a base desta observación, se modifica este apartado que queda redactado segundo a proposta do informe.

2. Sobre o artigo 42. Prevención e loita contra a contaminación no dominio público portuario. (actual artigo 45 do ALPG).

Se observa que o apartado 1 deste precepto contén unha enumeración dos materiais que está prohibido verter sobre o dominio público portuario, e seguindo a tendencia da normativa de residuos, considérase mais conveniente realizar unha prohibición xenérica.

En canto ao parágrafo segundo, proponse a inclusión da obriga de responder dos custos da descontaminación dos solos, dado que os vertidos poden afectar non só as augas.

En canto ao paragrafo terceiro, a redacción que exclúe da consideración de vertidos ás obras de recheo con materiais de orixe terrestre ou marítima para modificar ou ampliar portos, parece contradicir o disposto na Lei 22/2011, do 28 de xullo, de residuos e solos contaminados, e no R.D. 105/2008, do 1 de febreiro, que regula a produción e xestión de residuos e construción e demolición, propoñéndose unha redacción acorde á normativa de residuos.

Sobre a base desta observación, se modifican estes apartados que quedan redactados segundo a proposta do informe, co seguinte teor:

SERVIZOS CENTRAIS
Praza de Europa 5 A – 6º
Teléfono: 902 400 870 – Fax: 981 545 324
www.portosdegalicia.com
15707 SANTIAGO DE COMPOSTELA

"Artigo 45. Prevención e loita contra a contaminación no dominio público portuario.

1. Prohíbese o vertido de efluentes líquidos e o vertido e abandono de residuos no dominio público portuario. As emisións á atmosfera realizaranse coas limitacións e controis establecidas na lexislación sectorial.

Os que realizaran, aínda accidentalmente, os referidos vertidos, serán responsables de cantos custos esixa a plena rexeneración das augas e a posible descontaminación dos solos que estean dentro da zona de dominio público portuario, ademais das sancións que procederan. No caso de vertidos non autorizados, Portos de Galicia ordenará a quen resulte responsable a recollida e limpeza dos terreos e augas afectadas. No caso de incumprimento, Portos de Galicia procederá á execución subsidiaria a cargo dos responsables, sen prexuízo das sancións que se puideran derivar polo incumprimento da normativa ambiental

A utilización de materiais naturais procedentes das escavacións poderá ser realizado nas condicións que estableza a normativa ambiental.

(...)".

3. Sobre o artigo 43. Recepción de refugallos e residuos procedentes de buques. (actual artigo 46 do ALPG)

Con respecto ao apartado segundo, consideran por unha parte desproporcionado que todas as instalacións nel citadas deban de dispoñer de instalacións para tratamento de residuos, e, por outra parte, ademais da obriga de dispoñer de medios necesarios para combater os derrames, entenden que se deba de incluír a previsión de que estas instalacións teñan os medios suficientes para a prevención e loita contra a contaminación accidental terrestre e mariña.

Sobre a base desta observación, se modifica este apartado que queda redactado segundo a proposta do informe, co seguinte teor:

"Artigo 46. Recepción de refugallos e residuos procedentes de buque.

(...)

2. As refinerías de petróleo, factorías químicas e petroquímicas, instalacións para o almacenamento e distribución de produtos químicos e petroquímicos, instalacións para o abastecemento de combustibles líquidos que posúan terminais de carga ou descarga de hidrocarburos en zonas portuarias, así como os estaleiros e instalacións de reparación naval, deberán dispoñer nas proximidades das terminais e peiraos, de instalacións de recollida de residuos petrolíferos e químicos e de augas de sentinas e de almacenamento destes residuos debidamente autorizados, de instalacións para limpeza de aceites, de graxas e doutros produtos contaminantes, así como os medios necesarios para prever e combater os derrames e para a prevención e loita contra a contaminación accidental terrestre e mariña.

A dispoñibilidade destas instalacións e medios será esixida por Portos de Galicia para autorizar o funcionamento das instalacións portuarias incluídas no apartado anterior, sen prexuízo das autorizacións que sexan esixibles por outras administracións.

(...)".

SECRETARÍA XERAL DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO E URBANISMO.

A Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo formula as seguintes observacións:

1. Respecto ao artigo 29.4 (actual artigo 32.4 do ALPG), se sinala que a consideración dos Plans Directores de Infraestruturas como instrumento de ordenación urbanística con incidencia supra municipal, non ten cabida na Lei 9/2002,de ordenación urbanística e protección do Medio Rural de Galicia (LOUG), nin na Lei 10/1995, de Ordenación do Territorio de Galicia (LOT), observación que se asume procedendo á supresión deste apartado.

2. Respecto ao artigo 34.3 (actual artigo 37.3 do ALPG) que recolle clasificación de solo integrado nas superficies portuarias como urbano consolidado, o informe observa que dita clasificación deberá de adecuarse ao establecido no artigo 11 da LOUG.

A priori, esta observación, baixo o estrito prisma da LOUG, pode parecer incontestable, se ben e por outra parte, debe de terse en conta que constitúe un principio xeral aceptado por toda a normativa sectorial e pola Xurisprudencia do TC, o de que a zona de servizo dun porto, en tanto que infraestrutura sobre a que se desenvolve a actividade portuaria, se debe de cualificar como sistema xeral, sobre o que os plan de ordenación urbanísticos non poden en ningún caso incluír determinacións que deriven en interferencias ou perturbacións no exercicio das competencias de explotación do porto, o que en definitiva implica, que calquera clasificación que puidera recollerse nesa planificación, sería nula e de imposible aplicación.

Para acomodar por tanto o teor do ALPG co texto da LOUG, se suprime do artigo o apartado 3, se ben, se matiza, polo exposto con anterioridade, o apartado 1 do artigo 37, coa mención expresa a que a superficie que se integra na zona de servizo dun porto, en

SERVIZOS CENTRAIS
Praza de Europa 5 A – 6º
Teléfono: 902 400 870 – Fax: 981 545 324
www.portosdegalicia.com
15707 SANTIAGO DE COMPOSTELA

tanto que sistema xeral, non pode estar suxeito a clasificación; dito precepto queda redactado agora co seguinte teor:
1. Os plans xerais de ordenación municipal e demais instrumentos xerais de ordenación urbanística deberán cualificar a zona de servizo dos portos como sistema xeral portuario non suxeito á clasificación do solo, e non poderán incluír determinacións que supoñan unha interferencia ou perturbación no exercicio das competencias de explotación portuaria.

3. Respecto ao apartado 4 do mesmo artigo 34 (actual artigo 37 do ALPG) , en relación co artigo 13.3.k) (actual artigo 13.3.r) do ALPG) , así como con respecto á referencia contida no artigo 36.6 (actual artigo 39.6 do ALPG) , o informe considera que a atribución da competencia urbanística para a aprobación inicial dos plans especiais dos portos á administración pública portuaria xestora do porto, non é compatible co artigo 86.1 a) da LOUG, en relación coas competencias urbanísticas atribuídas á administración que se contemplan nos artigos 224 e 225 da mesma lei.

Se asume esta observación, e se suprime entre as competencias atribuídas ao Consello reitor no artigo 13.3 a relativa á aprobación inicial dos plans, así como a mención contida no apartado 4 do artigo 37 e no apartado 6 do artigo 39, á administración pública portuaria como administración urbanística competente para os efectos da aprobación inicial dos plans especiais.
Dito o anterior, e coa finalidade de axilizar as tramitacións que permitan a aprobacións dos pans, esenciais para a xestión portuaria autonómica, evitando paralizacións que non sexan imputables á propia administración autonómica, se procede a reformar o seguinte artigo 38 relativo aos plans especiais de ordenación dos portos, pola vía de introducir prazos máximos tanto para a aprobación inicial, como para aprobación definitiva, considerando para elo a redacción contida no artigo 90 da LOUG para os instrumentos de planeamento que sexan de iniciativa particular, introducíndose tamén modificacións nos prazos previstos de emisión de informe por Portos de Galicia previo á aprobación definitiva, e de emisión do informe vinculante que, de se.lo caso, corresponda ao Consello da Xunta de Galicia, de xeito que resulte asumible o prazo máximo previsto agora, con silencio positivo atenuando coas excepcións previstas no citado artigo 90 da LOUG , para a aprobación definitiva dun plan. Se introduce tamén neste artigo un novo apartado 3 relativo a tramitación ambiental previa, que resulta preceptivo por aplicación do establecido na Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental.

En concreto, dito artigo 38 queda redactado co seguinte teor:

SERVIZOS CENTRAIS
Praza de Europa 5 A – 6º
Teléfono: 902 400 870 – Fax: 981 545 324
www.portosdegalicia.com
15707 SANTIAGO DE COMPOSTELA

"Artigo 38. Plans especiais de ordenación dos portos.

1. O sistema xeral portuario de cada porto desenvolverase mediante un plan especial que se redactará e formulará pola entidade pública empresarial Portos de Galicia, e que se tramitará e aprobará pola Administración competente en materia de Urbanismo aplicando o establecido na lexislación urbanística en vigor, coas particularidades que se sinalan nos seguintes apartados.

2. Con carácter previo á formulación do plan especial que ordene a zona de servizo do porto, deberá encontrarse delimitada esta mediante a aprobación da Delimitación dos Espazos e Usos Portuarios en dito porto, non podendo estenderse as delimitacións daquel plan mais ala da zona de servizo así delimitada.

3. Unha vez redactado o borrador de plan, Portos de Galicia remitirá este, acompañado da documentación ambiental esixible pola lexislación sectorial de aplicación, á Administración competente en materia de Urbanismo, que disporá dun prazo máximo de tres meses para enviar dita documentación ao órgano ambiental competente para a emisión do informe ambiental estratéxico.

4. Culminada a tramitación ambiental, o prazo máximo para resolver sobre a aprobación inicial dun plan especial de ordenación portuaria, será de tres meses a contar dende a súa presentación por Portos de Galicia no rexistro xeral do Concello. Transcorrido este prazo sen que houbera recaído resolución expresa, poderá entenderse outorgada a aprobación inicial do plan.

5. Efectuada a tramitación e antes da aprobación definitiva do plan, deberase dar traslado do plan á entidade pública empresarial Portos de Galicia no caso de que a Administración urbanística competente propoña modificacións respecto á redacción inicialmente aprobada, para que esta, no prazo dun mes, informe sobre os aspectos da súa competencia.

6. A aprobación definitiva do plan especial requirirá que o informe previo ao que se refire o apartado anterior sexa favorable. No caso de ser desfavorable, deberanse levar a cabo as consultas necesarias co fin de chegar a un acordo entre Portos de Galicia e a Administración urbanística para a súa aprobación definitiva. Se no prazo de dous meses persistira o desacordo, informará con carácter vinculante o Consello da Xunta de Galicia.

7. O prazo para a aprobación definitiva por un Concello do plan especial de ordenación dun porto, será de seis meses a contar dende o Acordo de aprobación inicial. Transcorrido dito prazo sen que se procedera á notificación da resolución, poderá entenderse aprobado definitivamente o plan, sempre que se houbera realizado o trámite de información pública e obtido os informes preceptivos en sentido favorable, de conformidade coa lexislación aplicable, ou, no seu caso, houberan sido solicitados os informes e houberan transcorrido os prazos para emitilos.

8. Non se aplicará o silencio administrativo estimatorio cando os plans contivesen determinacións contrarias á Lei, ou ás directrices de ordenación do territorio de Galicia.

9. A aprobación definitiva dos plans especiais deberá ser notificada a Portos de Galicia, cos requisitos establecidos na lexislación de procedemento administrativo.

SERVIZOS CENTRAIS
Praza de Europa 5 A – 6º
Teléfono: 902 400 870 – Fax: 981 545 324
www.portosdegalicia.com
15707 SANTIAGO DE COMPOSTELA

10. O plan especial incluirá entre as súas determinacións as medidas e previsións necesarias para garantir unha eficiente explotación do espazo portuario, o seu desenvolvemento futuro, e a súa conexión cos sistemas xerais de transporte terrestre.

4. Respecto ao artigo 36.3 (actual artigo 39.3 do ALPG), o informe considera que o efecto da revisión ou modificación dos instrumentos de ordenación urbanística municipal tras a aprobación dos instrumentos de planificación portuaria, se debe de vincular á primeira revisión e non á modificación Respecto aos apartados 6 e 7 deste mesmo artigo, se recomenda harmonizar o procedemento de aprobación dos instrumentos de planeamento con incidencia en materia de portos, co artigo 85.3 da LOUG, a través por tanto dun único informe sectorial tal e como se prevé na lexislación urbanística.

Ámbalas dúas observacións se recollen na nova proposta de redacción do artigo 39, de xeito que no apartado 3 se vincula a adaptación dos instrumentos de ordenación municipal cos planeamentos portuarios á primeira revisión, se suprime o apartado 7, e se modifica o apartado 6, que contempla agora un único informe sectorial, que en todo caso, mantén o seu carácter vinculante respecto a aquelas determinacións que impliquen interferencia na xestión portuaria.

Dito apartado queda redactado co seguinte teor:

"39. 6. Aos efectos de dar cumprimento ao mandato establecido no apartado anterior, ao mesmo tempo que o trámite de información pública, a Administración Municipal deberá de solicitar informe a Portos de Galicia, informe que deberá de emitirse nun prazo de dous meses, e que entenderase favorable no caso de non emitirse nese prazo, agás no que afecte a aquelas determinacións que supoñan interferencia ou perturbación no exercicio das competencias de explotación portuaria e de sinalización marítima, sobre as que o informe terá carácter vinculante".

5. Respecto á observación relativa ao réxime de suspensión de obras do artigo 37.8 (actual artigo 40.8 do ALPG), que contravén as previsións do artigo 209 da LOUG, se matiza coa referencia a que se trate de obras de interese xeral que promova a Administración Portuaria, obras que non poderán ser suspendidas polas Administracións Urbanísticas competentes.

6. Respecto ao artigo 40 (actual artigo 43 do ALPG) relativo a obras que afectan á zona de servizo dos portos, a Secretaría Xeral entende que a regulación do apartado 1 carece de senso, basicamente por afectar a zonas lindeiras cos portos.

A previsión inicial deste precepto, responde á necesidade de introducir un mecanismo preventivo, dada a frecuencia coa que, de feito, as zonas de servizo portuarias son obxecto de invasións, temporais ou mesmo permanentes, como consecuencia de obras, fundamentalmente de edificación, que se executan en inmobles lindeiros coa zona de servizo, e que mesmo na meirande parte dos casos, parten da mesma liña de delimitación desa zona, resultando así frecuente a ocupación con obras diversas de urbanización, canalizacións para servizos, accesos rodados ou peonís, etc.

Se modifica por tanto a redacción do apartado1, de xeito que se poida manter dito mecanismo preventivo, respectando ao mesmo tempo a legalidade, e, en concreto, o ámbito espacial e funcional sobre o que esta entidade pode actuar. Se restrinxe desta

maneira a obras de edificación ou urbanización que dalgunha maneira teñan incidencia directa, que se define agora como ocupación temporal ou permanente dentro da zona, mantendo o requisito da petición de informe preceptivo a esta entidade, e se introduce un novo apartado 3, que pola súa parte, se remite ao artigo 56.2, e por tanto, aos supostos nos que, en base ás circunstancias de exclusividade, intensidade, perigo ou rendibilidade que poidan concorrer, ademais do informe, Portos de Galicia poida esixir a obtención previa do correspondente título de concesión ou autorización.

En concreto o artigo 43, quedan agora redactados co seguinte teor:

"Artigo 43. *Obras que afectan á zona de servizo dos portos.*

1. As obras de edificación ou urbanización que se executen en superficies lindeiras coa zona de servizo dun porto ou instalación marítima, que teñan incidencia directa por precisar a ocupación permanente ou temporal de superficie incluída na mesma, non poderán ser autorizadas polas administracións públicas competentes sen que se solicite previamente informe a Portos de Galicia.

2. Este informe ten carácter vinculante no que se refire aos aspectos relacionados coa protección do dominio público portuario e a viabilidade das actividades portuarias, e deberá ser emitido no prazo máximo dun mes. O informe entenderase favorable no caso de non emitirse no prazo antes sinalado.

3. cando a ocupación teña as circunstancias previstas no artigo 56.2 desta lei, esixirase o outorgamento da correspondente autorización ou concesión.

4. Con carácter xeral, e agás causa xustificada a xuízo de Portos de Galicia, os terreos lindeiros coa zona de servizo dos portos e instalacións marítimas deberán contar con acceso rodado e peonil alleo á zona de servizo do porto ou instalación marítima"

6. Respecto ao artigo 48.4 (actual artigo 51.4 do ALPG), se observa que a regulación do sentido do silencio na emisión de informes da Administración do Estado invade competencias estatais, o que se asume coa supresión do sentido positivo do silencio. Se suprime tamén a regulación contida no artigo 52.6 (actual artigo 55.6 do LPG) relativo a réxime de prohibicións, asumindo así que implica a introdución dunha regulación impropia que corresponde á lexislación estatal en materia de costas.

7. Finalmente, con respecto aos artigos 90.1 e 93 (actuais artigos 93.1 e 96 do ALPG), seguindo o observado pola Secretaría Xeral, faise referencia neles ás determinacións previstas nas directrices de ordenación do territorio de Galicia dentro dos parámetros de protección e de xestión, e tamén, como criterio cara ao outorgamento, suprimindo respecto a estes , os previstos nos apartados g) e h).

SECRETARÍA XERAL DE IGUALDADE.

1. Sobre a pertinencia de incluír no artigo 24 – réxime de persoal (na actualidade artigo 27 do ALPG) unha mención expresa á normativa sobre igualdade de xénero, se asume dita observación, se ben, se considera mais pertinente para non romper a sistemática deste artigo, a inclusión dunha nova disposición adicional novena, que queda redactada co seguinte teor:

SERVIZOS CENTRAIS
Praza de Europa 5 A – 6º
Teléfono: 902 400 870 – Fax: 981 545 324
www.portosdegalicia.com
15707 SANTIAGO DE COMPOSTELA

"Disposición adicional novena. *Perspectiva e igualdade de xénero.*

No exercicio das funcións establecidas nesta Lei, así como no funcionamento da entidade pública empresarial portos de Galicia, se terá en conta a perspectiva de xénero e o principio de igualdade entre mulleres e homes, así como o cumprimento efectivo do previsto na lei 6/2007, do 28 de marzo, de traballo en igualdade das mulleres en Galicia, na Lei 7/2004, do 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes, e na lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes".

2. En relación coa proposta de engadir no artigo 11 sobre órganos de goberno, a mención ao obxectivo de composición equilibrada de órganos, se engade un apartado segundo co seguinte teor:

"2. No conxunto dos órganos de goberno de Portos de Galicia procurarase acadar unha presenza equilibrada de mulleres e homes".

3. Ao longo do texto do anteproxecto se efectúan diversas correccións segundo as directrices marcadas polo informe.

AREA EXPLOTACIÓN E PLANIFICACIÓN DE PORTOS DE GALICIA.

1. Sobre o artigo 35. Procedemento de aprobación dos plans directores de Infraestruturas.

Se observa que o prazo dun mes previsto para o tramite de información pública é insuficiente de existir tramitación ambiental, polo que vista esta observación, se modifica o precepto coa mención a un prazo "non inferior a un mes".

2. Sobre o artigo 39. Relacións e medidas de coordinación entre a planificación portuaria e o planeamento territorial e urbanístico.

Neste precepto, e no que atinxe ao seu apartado sétimo, partindo de que como norma de principio ningún instrumento de ordenación urbanística pode incluír determinación que supoñan interferencia ou perturbación no exercicio das competencias de explotación portuaria, se suxire unha redacción menos equívoca que siga en xeral a liña do establecido no artigo 56.1 do TRLPEMM.

Relativo a esta observación, sinalar que este apartado, seguindo as consideracións efectuadas pola Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e de Urbanismo, desaparece, fusionándose agora co apartado 6, e recolléndose, en liña co previsto no artigo 85 da LOUG, un único informe sectorial que emitirá Portos de Galicia, e que mantén o seu carácter vinculante nos aspectos que impliquen interferencia sobre a explotación portuaria.

3. Sobre o artigo 49. Réxime xurídico e determinación do dominio público portuario.

Sobre o apartado 3º que enumera os bens que pertencen ao dominio público portuario, e no que atinxe en concreto ao sub apartado d) relativo a obras e ou terreos construídos ou incorporados por particulares, suxiren unha aclaración na redacción, por canto eses bens sempre se integrarán no dominio público portuario entre tanto a concesión estea vixente, mentres que unha vez extinguida, algúns deses bens ou todos poderán non reverter ao dominio público portuario, volvendo á disposición dos titulares en función do que estableza o titulo da concesión.

SERVIZOS CENTRAIS
Praza de Europa 5 A – 6º
Teléfono: 902 400 870 – Fax: 981 545 324
www.portosdegalicia.com
15707 SANTIAGO DE COMPOSTELA

Se reforma este apartado no sentido apuntado, e queda redactado co seguinte teor:

"Artigo 49. Réxime xurídico e determinación do dominio público portuario.

(...)
3. Pertencen ao dominio público portuario autonómico:

d) As obras construídas e os terreos incorporados polos titulares dunha concesión de dominio público portuario mentres esta manteña a súa vixencia, e cando revertan a Portos de Galicia unha vez extinguida esta de acordo co establecido no título de outorgamento

4. Sobre o artigo 51. Delimitación da utilizacións dos espazos e dos usos portuarios.

Dentro do apartado 2 deste artigo que define a superficie de auga incluída dentro da zona de servizo dun porto, suxírese a modificación da definición da Zona I, que é a que realmente se xestiona por Portos de Galicia na actualidade, de xeito que se inclúa esta zona unha pequena zona exterior aos diques, o que responde e se xustifica, na necesidade de dispor dunha pequena superficie para executar calquera obra de reparación ou mantemento.

Cómpre ter en conta que os planos anexos aos reais decretos de transferencias do ano 1982, non son excesivamente claros en ocasións, aínda que moitos deles inclúen xa esta superficie, e de facto, sempre se viño entendendo así, se ben, coa inclusión na definición, e toda vez que os decretos de transferencias transfiren en todo caso Zona I, se establecen eses límites con claridade, o que na realidade e de feito, insistimos, xa se ven entendendo así, aínda que dotando agora á definición do concepto de seguridade xurídica, o que pode resultar de especial transcendencia na regularización de adscricións coa Administración do Estado.

A definición de Zona I, dentro do artigo 51, queda redactada co seguinte teor:

"Zona I, ou interior das augas portuarias, que abarcará as augas destinadas ás operacións portuarias, incluíndo as zonas necesarias para manobras de atraque e reviro, os espazos de auga incluídos nos diques de abrigo, e unha zona de resgardo exterior aos diques, cun mínimo de 25 metros medidos dende o bordo exterior da coroación do dique".

5. Sobre o artigo 54. Actividades, instalacións e construcións permitidas.

Dentro do apartado 2 que enumera aos usos portuarios, e dada a necesidade de que os documentos de delimitación dos espazos e dos usos portuarios apliquen un uso a todas e cada unha das zonas do porto, se inclúe un novo uso de infraestrutura básica asignada a diques e vieiros, uso que tradicionalmente vense incluíndo dentro dos usos complementarios por carecer de encaixe concreto entre os restantes, se ben, esta inclusión non resulta totalmente correcta, por canto se trata de infraestruturas cun uso que podemos definir como transversal e de apoio necesario para os restantes usos portuarios, polo que en conclusión, resulta mais claro crear este novo xénero de uso.

Dentro do apartado 3 relativo aos usos non portuarios que se poden admitir nun porto, suxírese modular a expresión usos non portuarios, que en efecto non parece procedente con esa formulación, dunha maneira similar a recollida no TRLPEMM, e agora tamén na

SERVIZOS CENTRAIS
Praza de Europa 5 A – 6º
Teléfono: 902 400 870 – Fax: 981 545 324
www.portosdegalicia.com
15707 SANTIAGO DE COMPOSTELA

regulación das adscricións do artigo 49 da Lei de Costas, tras a reforma operada pola Lei 2/2013, observación que se estima axeitada, e que ven asemade esixida por lexislación estatal básica, polo que se reforma este apartado no sentido apuntado, e queda redactado co seguinte teor:

"3. Nos terreos da zona de servizo portuaria que non reúnan as características naturais de bens de dominio público marítimo terrestre definidos no artigo 3 da Lei 22/1988, do 28 de xullo, de Costas, poderanse admitir outros usos non estritamente portuarios tales como equipamentos culturais, recreativos, certames feirais, exposicións e outras actividades comerciais e industriais non portuarias, sempre que resulten compatibles cos usos antes definidos, que non se prexudique globalmente o desenvolvemento futuro do porto e as operacións de tráfico portuario, e que se axusten ao establecido nos planeamentos urbanísticos en vigor".

6. Sobre o artigo 55. Réxime de prohibicións.

Dentro do apartado 2 que regula a o levantamento excepcional da prohibición de levantamento de instalacións hoteleiras, suxírese modificar o límite dos 50 meros por outro de 20 metros, que é o que recolle o TRLPEMM, por canto na actualidade, en instalacións xestionadas por esta entidade, existe a lo menos unha instalación desta clase, con concesión en vigor, que non cumpriría co límite dos 50 metros, de xeito que coa modificación, e a reserva do que aconteza no futuro con esta concesión, se deixa aberta a posibilidade do seu mantemento.

7. Sobre o artigo 58. Clases de autorizacións.

Neste artigo, que define por un lado as autorizacións de mero uso suxeitas a lei de taxas, e por outro as propiamente de ocupación do dominio público na letra b), suxírese con respecto a esta última definición a inclusión no concepto da expresión ocupación do dominio público portuario, seguindo en xeral o modelo do TRLPEMM e da lei de costas, para evitar confusións coa definición da letra a).

Se modifica o apartado no sentido proposto.

8. Sobre o artigo 67. Prazo das concesións.

Dentro do apartado 5 deste artigo, se modifica a redacción, incluíndo por observación da Área, a mención expresa e particular á adaptación das taxas á normativa vixente no caso de prórrogas.

Sinalar que este artigo se transcribe mais adiante de maneira literal, no apartado relativo as observacións formuladas por Portos do Estado-Ministerio de Fomento.

9. Sobre o artigo 71. Concursos.

Neste artigo relativo aos concursos previos ao outorgamento de concesións, e no apartado 3, suxírese a supresión da mención ás condicións particulares aplicables a unha concesión, porque se ben é certo que con ocasión da convocatoria dun concurso e da elaboración dunhas bases, se contemplan tamén condicións particulares aplicables a cada concesión en concreto, a maiores das previstas no prego xeral regulador aprobado polo Consello Reitor, é o certo que con ocasión da seguinte fase de tramitación, algunhas destas condicións poden ter que engadirse, mentres que outras previstas se deben de modificar ou suprimir,

SERVIZOS CENTRAIS
Praza de Europa 5 A – 6º
Teléfono: 902 400 870 – Fax: 981 545 324
www.portosdegalicia.com
15707 SANTIAGO DE COMPOSTELA

polo que se modifica o redacción deste precepto, e sen prexuízo de que poidan contemplarse condicións particulares xa nunha primeira fase, se reserva o feito de que estas poidan incluírse na fase de tramitación.

10. Sobre o artigo 73. Modificación de concesións.

Apreciando o observado, se modifica a redacción do parágrafo segundo do apartado 1, excluíndo da remisión aos trámites establecidos para outorgar concesión para o caso de modificacións substancias, os relativos á convocatoria de concurso público. ou á tramitación de proxectos en competencia, da mesma maneira que se fai no TRLPEMM, por canto se trata de modificar unha concesión existente e non de outorgar unha concesión "ex novo".

11. Sobre o artigo 74. Revisión de concesións.

Entre as causas previstas de revisión no apartado 1, se asume a observación sobre o sub apartado d), de facer mención expresa a que as obras que se executen nun porto, como causa de revisión, poden ser tamén obras que se realicen e afecten á propia concesión administrativa; certo que se trata de obras que se realizan nun porto, se ben, a aclaración con esta mención expresa, é conveniente pola frecuencia coa que se da este suposto na realidade.

12. Sobre o artigo 82. Terreos e Obras incorporados polos concesionarios.

Dentro deste artigo, e no apartado segundo que define os supostos nos que os terreos e obras incorporados por un concesionario reverten ao seu propietario unha vez extinguida a concesión, se suprime por observación da Área o derradeiro inciso relativo a terreos e obras que non afecten ao obxecto da concesión, toda vez que esta hipótese non poderá darse unha vez extinguida esta.

13. Sobre o artigo 84. Garantía provisional e garantía definitiva.

Por observación da Área, se introduce no apartado 1 relativo a garantía provisional, a previsión dunha garantía mínima, que queda fixada en 1.000 euros.

14. Sobre o artigo 85. Garantía de explotación.

Se asume a observación da Área no senso de suprimir a renuncia como causa de incautación en todo caso da garantía de explotación; mantense dende logo o suposto de caducidade por implicar o exercicio dunha potestade derivada dun incumprimento, pero non o caso dunha renuncia que sempre debe de ser aceptada, ao marxe loxicamente de cantidades pendentes que se deban de facer efectivas sobre dita garantía.

15. Sobre o artigo 94. Usos compartidos.

A propósito deste precepto que contempla como excepción a posibilidade de que en portos deportivos existan liñas de atraque e zona de servizo compartida para usos pesqueiros, se asume a observación da Área no senso de que dita posibilidade, precisamente polo seu carácter excepcional, se estenda a calquera clase de uso.

16. Sobre o artigo 99. Contido dos regulamentos.

SERVIZOS CENTRAIS
Praza de Europa 5 A – 6º
Teléfono: 902 400 870 – Fax: 981 545 324
www.portosdegalicia.com
15707 SANTIAGO DE COMPOSTELA

A propósito deste artigo relativo ao contido dos regulamentos dos portos deportivos, se inclúe a observación de facer referencia expresa ás tarifas establecidas e os criterios de revisión, por constituír un elemento esencial da explotación dos portos deportivos e das zonas portuarias de uso náutico deportivo.

17. Sobre os artigos 101 e 103, relativos respectivamente a publicidade de proceso selectivo, e criterios de adxudicación das autorizacións temporais de uso de postos de atracada.

No artigo 101 se inclúe entre os estremos que con carácter de mínimo debe de conter unha convocatoria as esloras, mangas e de se-lo caso calado máximo das embarcacións en función da tipoloxía do posto de atracada, por resultar preceptiva esta mención.

Con referencia ao artigo 103, a Área suxire que como primeiro criterio de adxudicación se contemple o da prioridade de presentación, manténdose as esloras como criterio pero de desempate; os motivos que se esgrimen, radican na dificultade e inseguridade que representa a resolución das convocatorias atendendo primeiramente aos criterios de esloras, mangas e calados aplicables en función da tipoloxía da praza, dentro asemade de prazos que deben de ser necesariamente curtos, e a vantaxe asemade de dar preferencia a un criterio mais seguro na súa aplicación, e que é asemade, o que unha vez rematada a convocatoria se aplica para a confección de listas de espera.

Asumindo esta observación, o artigo 103 quedan redactados co seguinte teor:

"Artigo 103. Criterios de adxudicación.

1. A adxudicación das autorizacións temporais de uso de postos de atracada en base, efectuarase tendo en conta a orde cronolóxica de presentación de solicitudes debidamente cumprimentadas e coa documentación completa, sempre e cando a eslora e mangas das embarcacións se axusten ás dimensións máximas establecidas en función da tipoloxía de praza.

2. En caso de empate darase preferencia ás embarcacións de maior eslora que mellor se axusten as dimensión do posto de atracada".

18. Sobre o artigo 107. Aboamento de taxas e outras cantidades.

Respecto deste artigo que regula o aboamento de taxas tributarias e outras cantidades debidas polos titulares de autorizacións temporais de uso de prazas de atracada, se inclúe en primeiro lugar a observación de suprimir a mención, con respecto aos servizos que presta un concesionario, ao feito de que sexan demandados.

Esta supresión ten toda a lóxica, por canto dentro das convocatorias dos concursos se inclúen sempre determinados servizos que teñen o carácter de mínimos e obrigatorios, e que por tanto deben de ser satisfeitos polo concesionario, e loxicamente, aboados polos titulares das autorizacións; certamente existirán outros servizos eventuais que só se aboarán de ser demandados, se ben, esta clase de servizos queda tamén cuberta coa mención única á necesidade de aboar os servizos que se presten.

En segundo lugar, se asume tamén no apartado segundo, por motivos de mera aclaración e de seguridade xurídica, a mención a que o período mínimo de duración das autorizacións

SERVIZOS CENTRAIS
Praza de Europa 5 A – 6º
Teléfono: 902 400 870 – Fax: 981 545 324
www.portosdegalicia.com
15707 SANTIAGO DE COMPOSTELA

con carácter de base sexa de seis meses, o que concorda e se axusta asemade á definición que desta clase de autorizacións se inclúe no artigo 4 do ALPG, o que permite tamén diferenciar, concordando co inciso final do parágrafo, o período de duración da autorización do período que se estableza de liquidación.

19. Sobre o artigo 129. Medidas para garantir a seguridade nos espazos portuarios.

Dentro do apartado 3, se asume a observación de incluír como medida de aplicación e execución forzosa para o caso de embarcacións que presenten perigo de afundimento, non só a do propio afundimento ou o traslado, senón tamén a mención concreta á varada da embarcación, que é de feito a medida que mais se executa na práctica.

OBSERVACIÓNS FORMULADAS POLA ADMINISTRACIÓN XERAL DO ESTADO.

MINISTERIO DE FOMENTO: PORTOS DO ESTADO.

1. Lembran en primeiro lugar que o texto que examinan non contén o anexo I, relación de portos e instalacións a que se refire o artigo 3.2, o que se corrixe coa súa inclusión nesta nova versión de ALPG.

2. Sobre o artigo 2. Ámbito de aplicación, e o artigo 3. Determinación de portos competencia da Comunidade.

Coa mención a portos marítimos situados na Comunidade Autónoma no apartado a) do artigo 2, entenden que a Comunidade se atribúe facultades en materias e espazos que non son da súa competencia; pola contra, consideran que ditos portos, de non ser adscritos, e por aplicación do artigo 149.3 da CE, son de competencia estatal; habería por tanto que precisar a necesidade de adscrición.

Sobre os demais apartados do artigo 2, excluído o relativo á segregación, consideran que á diferenza do que acontece co apartado a) que si se acota, aínda que como queda dito e segundo os eu parecer invadindo competencias estatais, non se efectúa acotación algunha referida ao ámbito da Comunidade Autónoma, polo que cabe entender que tamén se inclúen as instalacións descritas que se atopen en portos de interese xeral; a maior abundamento consideran que esta interpretación a confirma o artigo 3.1.

Na súa opinión, se estende a competencia da Comunidade cunha sorte de "vis atractiva", respecto de todos os espazos situados no territorio da Comunidade Autónoma, sendo así que o reparto de competencias co Estado debería de basearse na materia, circunscribíndose a portos de titularidade da Comunidade Autónoma

Para evitar as confusións anotadas, se encabeza o artigo 2, seguindo o modelo da Lei 2/2014, de portos da Generalitat Valenciana, cunha mención ao ámbito de competencias da Comunidade Autónoma de Galicia.

No mesmo senso, se exclúe tamén expresamente do artigo 3.1 aos portos cualificados de interese xeral.

3.- Con respecto tamén a estes dous artigos e ao seu complemento recollido na Disposición adicional Cuarta, lembra o informe de Portos do Estado, que a regulación relativa á segregación contense no artigo 3.6 do real decreto lexislativo 2/2011, que aproba o texto refundido da Lei de Portos do Estado e da Mariña Mercante (en adiante TRLPEMM), e que

SERVIZOS CENTRAIS
Praza de Europa 5 A – 6º
Teléfono: 902 400 870 – Fax: 981 545 324
www.portosdegalicia.com
15707 SANTIAGO DE COMPOSTELA

neste senso, debe de quedar claro que as condicións requiridas e o seu trámite procedimental non se afecta pola regulación autonómica.

Consideramos sobre este particular que a regulación contida no texto do anteproxecto, respecta e se axusta á normativa de aplicación.

4.- Sobre o Artigo 38. Construción de novos portos ou instalacións marítimas. (actual artigo 41 do ALPG).

Con respecto a este artigo, faise cita do artigo 5.2 do TRLPEMM, e consideran que a norma autonómica non pode modificar os requisitos establecidos na normativa estatal, modificación que neste caso entenden se produce por dos motivos: En primeiro lugar porque se elude calquera mención aos informes preceptivos e vinculantes da administración xeral do Estado, e, en segundo lugar, porque se engade un prazo máximo para informe que non está previsto no TRLPEMM. Aclarar que o citado artigo 5 do TRLPEMM refírese á adscrición de bens de dominio público marítimo terrestre.

Con respecto a esta observación, sinalar que a adscrición, cando sexa precisa, se contempla no apartado 4 deste artigo, adscrición que como non pode ser doutra maneira, se articularía segundo o procedemento previsto na lei 22/1988, de Costas, e no seu regulamento, aprobado polo R.D. 876/2014, procedemento que certamente contempla informes preceptivos e vinculantes, pero non sempre a ampliación dun porto vai a requirir adscrición, e sendo así que a lexislación sobre Costas é básica neste aspecto, non acontece o mesmo co TRLPEMM, e moito menos cos procedementos definidos nesta.

Sinalar en canto ao prazo de dous meses, que é o previsto no actual artigo 107 do regulamento da Lei de Costas que regula o procedemento de adscrición, mentres que para os restantes informes que sexan facultativos, o prazo xenérico que se recolle de 2 meses é mais que razoable, e dende logo, se axusta ao establecido no artigo 83 da Lei de Procedemento Administrativo.

Dito o anterior, a efectos aclaratorios e para despexar calquera dúbida relativa ao cumprimento de lexislación estatal, no apartado relativo a adscrición se inclúe unha mención á lexislación aplicable, na actualidade a Lei de Costas e o seu regulamento, e se ben mantense con carácter xeral o prazo de dous meses, se inclúe unha excepción, tamén xeral dada a imposibilidade de contemplar todos os supostos que se poidan dar, coa mención a que normativa sectorial de aplicación poida dispoñer o contrario.

5. Sobre o artigo 46 – réxime xurídico e determinación do dominio público portuario, e o artigo 53 – Utilización do dominio público portuario. (actuais artigos 49 e 56 do ALPG).

Non se discute no seu conxunto a redacción destes artigos, pero suxiren a conveniencia de facer cita da existencia de lexislación estatal en materia de portos, e doutra lexislación estatal de carácter básico, en concreto en materia de patrimonio, contratación e defensa da competencia.

Mais alá de deixar constancia deste aspecto, non parece preciso incluír estas referencias á lexislación básica que, dende logo, non se pon en tela de xuízo, e citar igualmente que a Disposición Final 1ª do ALPG, fai cita expresa á aplicación supletoria da lexislación portuaria estatal en canto non se opoña a esta norma.

6. Sobre o artigo 64 – Prazo das concesión (actual artigo 67 do LPG).

Suxiren que sobre a base do establecido no artigo 49 da Lei de Costas, tras a reforma efectuada pola Lei 2/2013, do 29 de maio, de protección e uso sostible do litoral e de modificación da Lei de costas, se supedite en todo caso o prazo máximo das concesións outorgadas sobre bens adscritos, ao prazo máximo previsto na lexislación estatal sobre portos.

Sobre esta observación, dicir que, tanto por por motivos de seguridade xurídica para os usuarios dos portos autonómicos, como tamén pola circunstancia de que este artigo, conxuntamente coa regulación contida na Disposición Transitoria 1ª, pretende establecer unha regulación completa sobre prazos, prórrogas e procedementos aplicables, tanto para as concesións vixentes á entrada en vigor da norma, como para as posteriores, se considera necesario reflectir un prazo, que neste caso si coincide co máximo que recolle a lexislación portuaria estatal, é dicir un prazo máximo de 50 anos, aínda que sen chegar ao prazo máximo de 75 anos previsto nesa lexislación para prórrogas en casos excepcionais; engadir que esta prazo de 50 anos se axustaría tamén aos límites establecidos na Lei 5/2011, do 30 de setembro, de Patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia.

Dito o anterior, se introduce no precepto unha mención expresa que vincula o prazo máximo, ao previsto e regulado na lexislación básica aplicable, isto é, na lexislación reguladora do dominio público marítimo terrestre.

No mesmo senso, se amplía tamén no artigo 92 relativo a contratos de concesión de obras públicas portuarias, e no artigo 95 relativo ao obxecto das concesións de portos deportivos e de zonas portuarias de uso náutico deportivo, o prazo máximo de vixencia ata os 50 anos.

21

Sinalar a propósito da regulación contida no artigo 67 e na Disposición Transitoria 1ª sobre prazos e prorrogas das concesións , que se volverá a tratar mais adiante con ocasión dos comentarios sobre as observacións ao articulado do anteproxecto formuladas por ASNAUGA e por MARINAS DE GALICIA.

O artigo 67, queda agora redactado co seguinte teor:

"Artigo 67. Prazo das concesións.

1. O prazo das concesións será o que se determine no título correspondente, e non poderá ser superior a 50 anos. Para a súa fixación teranse en conta, entre outros, os seguintes criterios:

a) Vinculación do obxecto da concesión á actividade portuaria.
b) Dispoñibilidade de espazo de dominio público portuario.
c) Volume do investimento a amortizar e estudo económico financeiro.
d) Prazo de execución das obras contidas no proxecto.
e) Adecuación da concesión á planificación e xestión portuarias.
f) Interese estratéxico para o incremento da actividade que xere para o porto.
g) Vida útil do investimento a realizar polo concesionario.

Estes criterios poderán desenvolverse e concretarse, para o caso de determinados tipos de usos, mediante normas regulamentarias.

SERVIZOS CENTRAIS
Praza de Europa 5 A – 6º
Teléfono: 902 400 870 – Fax: 981 545 324
www.portosdegalicia.com
15707 SANTIAGO DE COMPOSTELA

2. Agás que no propio título se prevea expresamente o contrario, a reserva do establecido na lexislación básica estatal reguladora do dominio público marítimo terrestre, as concesións outorgadas por un prazo inferior ao máximo legalmente previsto, poderán ser expresamente prorrogadas por Portos de Galicia, se ben a suma dos prazos das prórrogas, unido ao inicial, non poderá ser superior a 50 anos. A concesión da prórroga requirirá que o concesionario se atope ao corrente no cumprimento das obrigas derivadas do título concesional, que transcorrera, polo menos unha terceira parte do prazo da concesión inicial, e que o concesionario leve a cabo unha inversión relevante non prevista na concesión que, a xuízo de Portos de Galicia, sexa de interese para a explotación portuaria e que, en todo caso, sexa superior ao 10 por cento do valor actualizado da inversión prevista no título concesional. A resolución de prórroga deberá conter unha declaración expresa destes estremos.

3. As concesións administrativas que non se adapten á Delimitación de Espazos e Usos Portuarios non serán prorrogables, e extinguiranse cando finalice o prazo inicial previsto no título ou, se é o caso, o da prórroga que estivera iniciada no momento de recibir esa catalogación.

4. Naqueles casos nos que exista unha vinculación recíproca entre a concesión de ocupación e a autorización de actividade comercial, industrial ou de prestación de servizo, o vencemento do prazo da concesión de ocupación demanial deberá coincidir co da autorización de actividade ou servizo.

5. En calquera dos supostos anteriores, o outorgamento de prórroga poderá determinar a modificación das condicións da concesión administrativa, en particular coa adaptación das taxas á normativa vixente, que deberán ser expresamente aceptadas polo concesionario con anterioridade á resolución de outorgamento da prórroga, se ben, non implicará a reversión das instalacións e da superficie ocupada pola concesión ao dominio público portuario".

Pola súa parte, a Disposición Transitoria 1ª ten a seguinte redacción:

"Disposición transitoria primeira. Concesións e autorizacións vixentes á entrada en vigor da Lei.

1. Sen prexuízo da súa posible modificación cando se dean os supostos legalmente previstos, as concesións e autorizacións que supoñan ocupación do dominio público portuario vixentes á entrada en vigor da presente lei, seguirán suxeitas ás mesmas condicións nas que se outorgaron ata que transcorra o prazo polo que foron outorgadas, excepto ás taxas que sexan de aplicación, que se adaptarán ao disposto na presente lei e na lexislación autonómica vixente en materia de taxas, na actualidade a Lei 6/2003, de 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia.

2. Considerarase en todo caso incompatible cos criterios de ocupación do dominio público portuario establecidos nesta lei, o mantemento de concesións outorgadas a perpetuidade, por tempo indefinido ou por prazo superior a trinta anos a contar desde a entrada en vigor da Lei 27/1992, do 24 de novembro, de Portos do Estado e da Mariña Mercante. En todos estes casos, as concesións vixentes entenderanse outorgadas por un prazo máximo de trinta anos a contar desde a entrada en vigor desa lei, sen prexuízo do establecido no

SERVIZOS CENTRAIS
Praza de Europa 5 A – 6º
Teléfono: 902 400 870 – Fax: 981 545 324
www.portosdegalicia.com
15707 SANTIAGO DE COMPOSTELA

apartado 3 desta disposición. Nos demais supostos, a revisión das cláusulas das concesións requirirá a tramitación dun expediente con audiencia ao interesado.

3. Aínda que o título de outorgamento non prevea a posibilidade de prórroga, o prazo inicial das concesións outorgadas con anterioridade á entrada en vigor desta Lei, poderá ser ampliado por Portos de Galicia con suxeición ao réxime previsto para as prórrogas de concesións no artigo 64 da Lei.

4. As obras e instalacións construídas con anterioridade á entrada en vigor da presente lei sen a autorización ou concesión esixible de acordo coa lexislación que fora de aplicación, serán demolidas cando non proceda a súa legalización por razóns de interese público. No caso de que se opte pola súa legalización deberase outorgar unha concesión firme conforme aos criterios e ao procedemento establecidos nesta lei.

5. As persoas que estean desenvolvendo actividades industriais, comerciais ou de servizos ao público no ámbito dun porto con anterioridade á entrada en vigor da presente lei, poderán seguir desenvolvendo a súa actividade nas mesmas condicións anteriores, se ben, deberán adaptarse ás disposicións que establezan os pregos xerais que regulen a súa actividade nun prazo de seis meses a partir da publicación dos devanditos pregos.

6. Se a adecuación non se tivese producido no prazo sinalado, Portos de Galicia poderá declarar extinguida a autorización para o desenvolvemento de actividades no ámbito portuario".

MINISTERIO DO INTERIOR.

1. Sobre o artigo 45. Plans de emerxencia e seguridade. (actual artigo 48 do ALPG).

O informe considera ambigua a mención a outras Administracións Públicas, e sobre a mención a actos antisociais e terroristas, consideran que se trata de materias reservadas aos Forzas e Corpos da seguridade do Estado; no apartado 2, sobre os plans de emerxencia interior observan que se debe de recoller o informe e valoración previa, preceptiva e vinculante do Ministerio do Interior, e no mesmo senso, se cita ao Ministerio de Facenda en canto a vixilancia c control aduaneiro.

Sobre esta observación, aclarar que os dous apartados deste artigo reproducen case literalmente o establecido no artigo 65 do TRLPEMM.

Coa mención xenérica a competencias doutras administracións públicas, sen necesidade de facer unha enumeración que neste caso resultaría excesiva, entendemos que non se ataca competencia de órgano algún da Administración xeral do Estado.

En canto ás competencias sobre actos antisociais e terroristas, ven imposta aos organismos portuarios en xeral, en virtude da aplicación do Convenio OMI relativo ao Código sobre protección de buques e instalacións portuarias (PBIP- ISPS en inglés), normativa que xa contempla, e loxicamente diferenza, as competencias que asume a administración portuaria, daquelas outras competencias que corresponden a Forzas e Corpos da Seguridade do Estado.

2. Sobre o artigo 124 – Inspección e Vixilancia. (actual artigo 127 do ALPG)

SERVIZOS CENTRAIS
Praza de Europa 5 A – 6º
Teléfono: 902 400 870 – Fax: 981 545 324
www.portosdegalicia.com
15707 SANTIAGO DE COMPOSTELA

As observacións sobre este precepto son en xeral favorables, se ben, se remarca a necesidade de de aclarar e separar as competencias que pode exercer unha policía portuaria de tipo administrativo, das que corresponden a Forzas e Corpos da Seguridade do Estado.

Relativo a este artigo, cómpre sinalar que os apartados que facían unha descrición das funcións dos celadores garda peiraos como policía administrativa, que como queda visto e dentro da circunscrición ao ámbito administrativo eran plenamente aceptadas polo Ministerio do Interior, se suprimiron, co obxecto de acomodar a redacción do precepto ás observacións formuladas pola Dirección Xeral da Función Pública, que se comentan con anterioridade neste mesmo informe.

OBSERVACIÓNS FORMULADAS POLA ADMINISTRACIÓN LOCAL.

FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS.

A Federación Galega de Municipios e Provincias formula as seguintes consideracións en relación ao texto do ALPG.

1. Consideran que o ALPG, en liñas xerais, recolle a obriga de que as actividades que se desenvolvan nos portos conten con autorización das entidades locais, cando esta loxicamente sexa esixible, se ben, observan que esta mesma previsión debe de conterse nos artigos 63.5 e 121.2 (actuais artigos 66.5 e 124.1 do ALPG) relativos, respectivamente, ao ámbito das concesións e ás actividades comerciais e industriais.

Sobre esta consideración, cómpre ter en conta que o obxecto desta Lei, e dos preceptos que se citan en concreto, se circunscribe a regular a actividade que desenvolve a Administración Portuaria, e que en tal sentido, non prexulga en absoluto a que teña que desenvolver en relación coa mesma actividade, non xa a administración local, senón tamén calquera outro órgano da administración estatal ou mesmo autonómica, e así se recolle de feito nos pregos xerais aplicables ás concesións e ao desenvolvemento de actividades comerciais e industriais ou de prestación de servizos.

En calquera caso se recollen ambas observacións pola vía de introducir un novo apartado 6 no artigo 66 e un novo apartado 2 no artigo 124 nos que se recolle esta observación, cunha redacción que se extrae dos pregos xerais antes citados, e que queda con seguinte teor:

Artigo 66.6:

"6. O outorgamento dunha concesión non exime ao seu titular da obtención e mantemento en vigor das licencias, permisos e autorizacións que sexan legalmente esixibles, nin do pagamento dos impostos que lle sexan de aplicación. Non obstante, cando estes se obteñan con anterioridade á concesión, a súa eficacia quedará demorada ata que se outorgue a mesma".

Artigo 124.2:

"2. O outorgamento dunha autorización non exime ao seu titular da obtención e mantemento en vigor das licencias, permisos e autorizacións que sexan legalmente

SERVIZOS CENTRAIS
Praza de Europa 5 A – 6º
Teléfono: 902 400 870 – Fax: 981 545 324
www.portosdegalicia.com
15707 SANTIAGO DE COMPOSTELA

esixibles, nin do pagamento dos impostos que lle sexan de aplicación. Non obstante, cando estes se obteñan con anterioridade á autorización que outorga portos de Galicia, a súa eficacia quedará demorada ata que se outorgue a mesma".

2. En canto as competencias das administracións locais en relación cos instrumentos de ordenación urbanística, en especial en canto aos plans especiais de ordenación dos portos, consideran que as previsións do anteproxecto deben de axustarse mais as normas recollidas na lexislación sectorial correspondente, e en particular, na Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, o que tamén debe de ser aplicable ás normas urbanísticas de aplicación directa que recolle a Disposición Transitoria Cuarta, e aos títulos habilitantes municipais necesarios para levar adiante as obras nos espazos portuarios.

Sobre desta consideración, e comezando pola regulación aplicable aos plans especiais, cómpre remitirse á actual redacción dos artigos 38 ao 40 do ALPG, e ás consideracións que sobre estes preceptos, efectúa a Secretaría xeral de Ordenación do Territorio e de Urbanismo, a resultas do que se modifican os mencionados preceptos, que se axustan agora ao previsto na LOUG, se ben, contemplan previsións tendentes en todo caso a axilizar os trámites precisos para a aprobación destes plans,

No que atinxe ás normas urbanísticas de aplicación directa, entendemos que dita previsión, que conta coa aval da Secretaria Xeral de Ordenación do Territorio e de Urbanismo, en ningún caso conculca a LOUG.

Contrariamente, si se axusta a redacción do actual artigo 40 do ALPG sobre execución de obras e instalacións, de maneira que a exención aos actos de control, preventivo municipal, se limita ás obras acordes cos usos portuarios que realice a administración portuaria, circunstancia esta avaliada pola STC 40/1998.

3. Sobre a imposición da obriga que se recolle no artigo 36.3 (actual artigo 39.3 do ALPG) Se considera necesaria a previsión dunha colaboración técnico económica da Comunidade Autónoma, e entenden que o prazo previsto resulta curto.

Sobre este aprado dicir en primeiro lugar que xa contempla unha modificación seguindo as observacións efectuadas pola Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo ao que nos remitimos, e sobre as restantes consideracións, entendemos que, a reserva do que resulte da tramitación do anteproxecto, as obrigas definidas son perfectamente asumibles, por canto non se trata de efectuar unha nova planificación, senón de incorporar as previsións da planificación portuaria sobre as que os instrumentos locais non poden interferir.

4. Sobre a posible vulneración da autonomía local que pode resultar da atribución dun carácter prevalente ao informe vinculante da Xunta ao que se refire o artigo 35.4 (actual artigo 38.5 do LPG), compre remitirse de novo á redacción deste precepto tras as observacións efectuadas pola Secretaría Xeral de Ordenación do territorio e de Urbanismo, e en calquera caso, as previsións resultantes da STC 40/1998, que avala a plena constitucionalidade desta previsión, que polo demais, tamén se contempla na lexislación portuaria estatal.

Finalmente, e sobre as consideracións relativas ás licencias municipais, remitímonos ao exposto no anterior apartado 2.

DEPUTACIÓN DA CORUÑA.

1. Con respecto ao artigo 3.1 consideran oportuno que a disposición se refira aos portos e instalacións referidas no artigo 2, remitímonos á actual redacción, que exclúe neste artigo aos portos, infraestruturas e instalacións cualificadas de interese xeral.

2. Respecto dos artigos 32.a) e c), e 48.5 (actuais artigos 35.a) e c), e 51.5 do ALPG), suxírese que o prazo previsto para emisión de informes preceptivos e/ou de información pública, se aumente ata o de 2 meses, o que normalizaría este prazo cos que figuran dispostos para as mesmas finalidades noutros artigos do anteproxecto que se citan. Se procede a recoller esta observación que se estima axeitada.

3.- Sobre o artigo 33.2 (actual artigo 36.2) do ALPG) suxiren que se prevea a necesidade de sometemento a información pública, observación que non se estima axeitada , toda vez que este apartado define o procedemento para o caso de modificacións non substanciais dos plans directores de infraestruturas, definidas no seguinte parágrafo, e consideramos que ten todo o sentido definir u procedemento mais curto e sinxelo por contraposición ao previsto de maneira ordinaria, que si deberá de aplicarse si a revisión ou modificación é substancial.

4. Sobre os artigos 34.4 e 35 (actuais artigos 37.4 e 38 do ALPG) relativos ao planeamento portuario, remitímonos á nova redacción destes preceptos e as observacións que sobre estes artigos efectuou a Secretaría xeral de Ordenación do territorio e de Urbanismo.

5. sobre o artigo 38 (actual artigo 41 do ALPG) entenden necesario esixir tamén neste caso, para o suposto de construción dun novo porto ou instalación, o estudio arqueolóxico e informe da consellería competente previsto para as dragaxes, se ben, entendemos que dita previsión xa se contempla coa referencia expresa a ao informe dos departamentos da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia con competencias concorrentes nos portos.

6. Observan con respectos aos artigos 48.9 e 49.3 (actuais artigos 51.9 e 52.3 do ALPG) que ademais da publicación do acordo no DOG, debería de contemplarse a publicación do contido integro dos instrumentos no BOP e por medios telemáticos.

A observación é razoable, pero polo enorme tamaño destes documentos, resultaría case imposible a súa publicación en diario ou boletín oficial, aínda que si se integrarán para xeral coñecemento na sede electrónica de Portos de Galicia.

7. Con respecto á disposición transitoria cuarta, que recolle normas urbanísticas de aplicación directa, se efectúa unha observación técnica no senso de determinar un único parámetro máximo de superficie edificable tal e como legalmente se establece para o solo urbano consolidado na LOUG, ao que cabe responder considerando a nova redacción prevista para o actual artigo 37 do LPG, que exclúe a posibilidade de que a zona de servizo dun porto, en tanto que sistema xeral portuario, deba de ser obxecto de cualificación.

OBSERVACIÓNS PLANTEXADAS POR SINDICATOS, ASOCIACIÓNS, CONFEDERACIÓNS, EMPRESAS E SIMILARES.

ASOCIACIÓNS DE CLUBES NÁUTICOS DE GALICIA. ASNAUGA.

1. Sobre o artigo 4 – Definicións –.

SERVIZOS CENTRAIS
Praza de Europa 5 A – 6º
Teléfono: 902 400 870 – Fax: 981 545 324
www.portosdegalicia.com
15707 SANTIAGO DE COMPOSTELA

A propósito da definición de autorización temporal de uso de posto de atracada prevista no apartado 1.g), sobre a base da observación efectuada se procede a súa corrección, e se reflicte agora o prazo máximo de vixencia de 4 anos, previsto xa mais adiante no artigo 106 do ALPG, e igualmente, no decreto 130/2013, do 1 de agosto, que regula a explotación dos portos deportivos e das zonas portuarias de uso náutico deportivas de competencia da Comunidade Autónoma de Galicia.

2. Observacións formuladas ao Título I – Da organización Portuaria de Galicia.

Sinalar con respecto á totalidade das observacións que se formulan ao previsto neste Título, e mais en concreto aos Capítulos relativos á entidade pública Portos de Galicia, e ás competencias da Administración xeral da Comunidade Autónoma, que na súa meirande parte, as alusións e suxerencias de modificación en canto a competencias sobre nomeamentos e/ou similares, veñen impostas por lexislación autonómica de aplicación imperativa, e en particular, polo establecido na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

Neste senso, o que se fai neste anteproxecto, que pretende e ten por obxecto regular os portos da Comunidade Autónoma, non é constituír o órgano responsable da xestión deses portos, xa creado en virtude da Lei 5/1994, do 29 de novembro, senón adaptar a súa Lei de creación, particularmente en aspectos de tipo orgánico nos que se centran as observacións de ASNAUGA, aos preceptos de dita lexislación autonómica.

3. Sobre o Artigo 15. Dirección.

Propoñen que a dirección asuma como competencia o outorgamento de todas as autorizacións de ocupación do dominio público portuario, e non só as que teñan vixencia máxima de dous anos.

Entendemos que a previsión contida no ALPG que outorga esta competencia á Dirección para autorizacións de ocupación do dominio público cunha vixencia de ata dous anos, abonda para axilizar a xestión, dado que a meirande parte dos títulos que se outorgan con este formato, se outorgan cunha vixencia dun ano aínda que prorrogable, agás que comprendan certa inversión ou usos de especial intensidade, caso este no que a ocupación esixirá normalmente unha concesión.

4. Sobre o artigo 20- Patrimonio (actual artigo 23 do ALPG).

Suxírese facer cita de equipamentos concretos como básculas, grúas e outros, que na actualidade dependen da Consellería, de xeito que por Lei queden adscritos automaticamente a Portos.

Sobre esta observación, dicir que, se ben na práctica moitos deses elementos veñen xa sendo obxecto de cesións a Portos de Galicia nos últimos anos, tal e como se cita antes, cómpre ter en conta que o presente título non pasa de ser mais que unha mera adaptación da Lei de creación de Portos de Galicia á normativa posterior, e por outra parte, unha cesión global, considerando a diversidade de equipamentos e de usuarios dos mesmos realizada a priori, podería ser especialmente complexa e non redundar como se pretende, nunha mellora na xestión.

SERVIZOS CENTRAIS
Praza de Europa 5 A – 6º
Teléfono: 902 400 870 – Fax: 981 545 324
www.portosdegalicia.com
15707 SANTIAGO DE COMPOSTELA

5. Sobre o artigo 29- Plans directores de Infraestruturas (actual artigo 32 do ALPG).

Observan que este precepto limita en exceso as posibilidades de expansión, facendo cita concreta de obras menores de recoñecida urxencia e necesidade, que poderían ser realizadas polos concesionarios co consentimento de Portos de Galicia.

Sobre esta observación sinalar que o obxecto deste precepto é garantir unha planificación que resulta a tódolos efectos necesaria, pero que se refire a obras de Portos de Galicia e non as obras que efectúen concesionarios, e por outra parte xa contempla excepcións. Sobre este precepto, indicar que sobre a base das observacións formuladas pola Confederación de Empresarios de Galicia, se introduce unha reforma parcial, coa supresión da mención á instalacións, considerando que coa definición de instalacións do artigo 4, o obxecto desta planificación resultaría demasiado amplo.

Tendo pois en conta que o obxecto do precepto é planificar obra de infraestrutura e superestrutura de Portos de Galicia, mantense no artigo 33. a) o horizonte temporal de cinco anos, e non os tres anos que propoñen.

6. Sobre o artigo 52. Réxime de prohibicións. (actual art. 55 do ALPG).

Propoñen que a posibilidade de admitir publicidade exterior para actividades deportivas, sociais e culturais que se desenvolvan por institucións náuticas ou relacionadas cos sectores portuarios sen ánimo de lucro, sexa permanente e non ocasional.

Entendemos que esta proposta faría perder sentido a un precepto que prohibe en principio a publicidade exterior, o que constitúe lexislación básica, agás que esta se relacione coa propia actividade autorizada no porto; non existe prohibición para que un Club Náutico faga publicidade de si mesmo no ámbito dunha concesión da que sexa titular, e como excepción, se admite publicidade de tipo patrocinio para eventos concretos, como regatas ou festas populares relacionadas coa actividade portuaria, pero unha publicidade permanente desta clase, como exemplo a dunha institución financeira, constituiría publicidade exterior sen mais, creando así no mesmo artigo unha excepción que deixaría sen contido a prohibición.

7. Sobre o artigo 56. Ámbito de aplicación das autorizacións de ocupación do dominio público portuario. (actual art. 59 do ALPG)

Suxiren a propósito deste precepto a posibilidade de admitir a transferencia "inter vivos" dunha autorización de amarre, de efectuarse esta de maneira simultánea coa da embarcación autorizada para ocupar o amarre, e a favor do adquirente desta.

Dicir primeiramente que esta observación se ubica sistematicamente nun lugar erróneo, por canto as autorizacións para o uso temporal de prazas de atracada de embarcacións deportivas, ten a súa concreta regulación no titulo IV dedicado aos portos deportivos e as zonas de uso náutico deportivo, en concreto no actual artigo 106 do ALPG.

Dito o anterior, e anticipándonos á mesma observación que se efectúa a propósito do carácter destas autorizacións temporais para o uso de prazas de atracada de tipo deportivo, sinalar que o que regula o artigo 56 son as autorizacións de ocupación do dominio público portuario, autorizacións que en todo caso se outorgan con carácter precarial e persoal, e por esta razón, o que se aplica igual no ámbito das autorizacións de amarres deportivos, non poden ser de ningunha das maneiras transferibles en virtude de

SERVIZOS CENTRAIS
Praza de Europa 5 A – 6º
Teléfono: 902 400 870 – Fax: 981 545 324
www.portosdegalicia.com
15707 SANTIAGO DE COMPOSTELA

negocios efectuados "inter vivos", e falamos neste caso de lexislación básica do Estado recollida no artigo 52 da Lei 22/1988, de Costas.

8. Sobre o artigo 64. Prazo das concesións. (Actual artigo 67 do ALPG).

Propoñen que o prazo máximo se amplíe a 50 anos, e con respecto ao seu apartado segundo, aínda que admiten que o sistema previsto para prórrogas outorga flexibilidade, por motivos de seguridade xurídica consideran necesaria a previsión dunha escala de criterios que preme as inversións.

Sobre estas observacións, que se estiman, e comezando polo prazo máximo de vixencia, remitímonos aos comentarios efectuados a propósito das consideracións sobre este mesmo precepto efectuadas dende Portos do Estado –(Ministerio de Fomento), e ao texto dese artigo, que xunto co correspondente ao da Disposición Transitoria 1ª se transcriben nese apartado.

Engadir que, en relación coa lexislación básica estatal, coas cautelas comentadas entón, o texto recolle agora un prazo máximo de vixencia de concesións de ata 50 anos, prazo que asemade será aplicable á totalidade das concesións, incluídas por tanto as vixentes, que neste caso terán que suxeitarse ao réxime previsto para o outorgamento de prórrogas, e en canto a estas prórrogas, recollendo o sentido da observación que tamén faise chegar por outras asociacións como a de "Marinas de Galicia", sinalar que ademais dos requisitos de que o concesionario se atope ao día no cumprimento das obrigas derivadas do títulos, e que teña transcorrido cando menos unha terceira parte do prazo de vixencia da concesión, se recolle agora expresamente como requisito, que o concesionario leve a cabo unha inversión relevante non prevista na concesión que, a xuízo de Portos de Galicia, sexa de interese para a explotación portuaria e que, en todo caso, sexa superior ao 10 por cento do valor actualizado da inversión prevista no título concesional.

9. Sobre o Artigo 66. Requisitos da solicitude – relativa a concesións administrativas (actual art. 69 do ALPG).

Observan a necesidade de que a negativa a tramitar unha concesión sexa obxecto de resposta motivada.

Ao marxe de que esta é unha obriga que a lei de procedemento administrativo impón á Administración, a motivación para non admitir a trámite a solicitude de concesión consideramos que se regula de maneira correcta no apartado 3 deste artigo.

10. Sobre o artigo 67. Procedemento de outorgamento – relativo a concesións administrativas. (actual artigo 70 do ALPG).

Sobre o apartado 2, entenden que non é xusto que un novo solicitante asuma os custos dunha nova información pública se a Administración unilateralmente decide iniciar un trámite de competencia de proxectos.

Entendemos que a regulación do anteproxecto é correcta; un novo solicitante debe de asumir estes custos, da mesma maneira que o primeiro solicitante asume os custos do primeiro trámite de información; así se recolle tamén na lexislación portuaria estatal e en toda a lexislación comparada autonómica.

11. Sobre o artigo 68. Concursos. (actual artigo 71 do ALPG).

SERVIZOS CENTRAIS
Praza de Europa 5 A – 6º
Teléfono: 902 400 870 – Fax: 981 545 324
www.portosdegalicia.com
15707 SANTIAGO DE COMPOSTELA

Sobre este precepto que regula en primeiro lugar aqueles supostos nos que o outorgamento dunha concesión esixa a convocatoria dun concurso público previo, critican que na excepción prevista para portos deportivos e instalacións náutico deportivas desapareza a mención a clubs náuticos ou outros deportivos sen fins de lucro, para o suposto de que a concesión estableza como máximo un límite do 20 por cento para o número de atraques destinados a embarcacións con eslora superior a 12 metros, polo que propoñen que se volva a incluír dita mención, dado que a supresión, entenden e un subterfuxio para facer desaparecer aos Clubs Náuticos da xestión dos portos deportivos.

Sobre esta observación sinalar en primeiro lugar que o texto do anteproxecto mantén a mesma excepción prevista na Lei do Estado, engadindo a maiores o requisito do número de prazas da instalación, se ben, esa excepción non se limita ao caso de que o solicitante da concesión sexa un Club Náutico, o que evidentemente non implica que de feito o solicitante poida ser un Club Náutico ou outra entidade similar, polo que en ningún caso existe un ánimo de desprazar da xestión dos portos deportivos a un sector como o dos Clubs Náuticos que, de feito e no caso dos portos autonómicos, está a asumir a xestión dunha boa parte deles.

Non pretendemos discutir a regulación estatal, se ben, entendemos que a que prevé o texto do anteproxecto, sen discriminación positiva algunha a favor de sectores determinados, se axusta mais á normativa sobre defensa da competencia e sobre libre acceso a prestación de servizos.
Engadir a propósito deste apartado, que sobre a base das observacións doutra asociación, se aclara xa dende este momento que estamos a falar dun único suposto que, ademais do requisito que repite a regulación do TRLPEMM, incorpora un novo requisito que parte de considerar o número máximo de atraques que pode ter unha instalación para que a mesma se poida outorgar sen acudir a concurso previo, e que sobre este parámetro en concreto, se eleva o número de atraques de cen a cento cincuenta, considerando os escasos límites de rendabilidade dunha instalación con menos de cento cincuenta atraques orientados esencialmente a embarcacións de pequena eslora, quedando agora redactada co seguinte teor:

"Concesións de portos e instalacións náutico deportivas, construídos ou non por particulares, agás cando se trate de instalacións cun número de prazas de atracada inferior a cento cincuenta, e cunha limitación do 20 por cento para o número de atraques destinado a embarcacións con eslora superior a 12 metros".

12. Sobre o artigo 70. Modificación de concesións. (actual artigo 73 do ALPG).

Suxírese neste artigo a modificación da porcentaxe esixida para estimar unha modificación como substancial, pasando dun incremento de superficie do 10 por cento ao 20 por cento que propoñen, dado que estiman que a porcentaxe prevista é moi pequena, facendo que case calquera modificación deba de ser estimada como substancial.

Se valora e estima como axeitada esta observación, se ben a porcentaxe se eleva non ata o 20 por cento, senón ata o 15 po centro, porcentaxe que é a prevista no artigo 49 do texto para a modificación dos DUEP, mantendo así unha coherencia interna coa redacción do anteproxecto.

13. Sobre o artigo 88. Efectos da extinción. (actual artigo 91 do ALPG).

SERVIZOS CENTRAIS
Praza de Europa 5 A – 6º
Teléfono: 902 400 870 – Fax: 981 545 324
www.portosdegalicia.com
15707 SANTIAGO DE COMPOSTELA

Sobre este precepto que regula os efectos da extinción de concesións ou autorizacións de ocupación do dominio público, e en concreto sobre o apartado segundo que recolle a opción de que a Administración portuaria opte unha finalizado o título por levantar a instalación ou mantela, revertindo neste caso de maneira gratuíta, entenden que non é xusta a opción e reversión gratuítas que libremente decide a Administración, e que neste senso deberían de regularse posibles compensacións no caso de inversións recentes non amortizadas.

Dita observación non pode ser asumida en ningún caso; tanto a lexislación estatal como a comparada autonómica recollen esta mesma previsión, previsión que parte da consideración básica, constitutiva realmente dun principio xeral administrativo aplicable ao réxime de utilización do dominio público, de acordo co que unha concesión sobre o dominio público portuario, sería distinto se falaramos dunha concesión para prestar servizo públicos e función de cal fora a causa de extinción, se outorga sempre e en todo caso, sen excepcións pois, a risco e ventura do concesionario.

É o concesionario o que cando solicita a concesión debe de presentar un estudo económico real e sostible, que contemple en función da duración prevista o prazo de amortización das instalación que, de se-lo caso execute, e por outra parte, e para o caso de inversión recentes, estas inversións, que a Administración debe de autorizar, poderían ter amparo coas normas contidas neste texto sobre prórroga e ampliación de prazo de vixencia dos títulos, ben entendido que todas as inversións que realiza un concesionario, ao principio ou a o final da concesión, son a súa costa e entran de cheo no risco e ventura que preside a xestión dunha concesión demanial.
Cuestión distinta é que unha concesión se extinga de maneira anticipada a causa de decisións que adopte a Administración, caso este no que si é esixible arbitrar un procedemento de rescate coa previsión dunha indemnización.

14. Sobre o artigo 99. Solicitudes de autorizacións temporais de prazas de atracada (actual 102 do ALPG) e sobre o artigo 101. Resolución de solicitudes (actual 104 do ALPG).

Suxiren a supresión no apartado 2 do artigo 99, e no apartado 3 do artigo 101 da limitación que se establece para adxudicar un atraque a unha embarcación que xa dispoña doutro, dado que isto favorecerá a inversión e maiores ingresos públicos.

Non se comparte esta observación, dado que neste capítulo estamos a falar de autorizacións outorgadas directamente por Portos de Galicia, que como ingreso público e en tódolos casos percibirá o importe da tarifa prevista na Lei 6/2003, de taxas, neste caso en concreto a tarifa X-5, embarcacións deportivas e de lecer.

Asemade, esta norma contempla a excepción, lóxica por outra parte, de que que a solicitude se refira a instalacións nas que non se atope cuberta a oferta existente, caso este no que non existiría limitación algunha, polo que en conclusión, a inversión e os ingresos quedan en todo caso garantidos, e o que si se pretende, contrariamente ao que se suxire, é que a inversión e os ingresos aumente pola vía de crear as condicións obxectivas para que poidan acceder ao uso e disfrute de amarres o maior número posible de usuarios.

15. Sobre o artigo 103. Carácter e prazo de vixencia das autorizacións (actual 106 do ALPG).

Con respecto a este precepto suxiren de novo, o facían a propósito das autorizacións de ocupación do dominio público portuario, a posibilidade de transmitir "inter vivos" estas

SERVIZOS CENTRAIS
Praza de Europa 5 A – 6º
Teléfono: 902 400 870 – Fax: 981 545 324
www.portosdegalicia.com
15707 SANTIAGO DE COMPOSTELA

autorizacións, sempre que que a transmisión se efectúe de maneira simultánea coa transmisión da embarcación e favor do adquirente desta.

Lembrar de novo que unha autorización precarial destinada a habilitar o mero uso non pode ser transmisible, e tampouco se atopa, nin na lexislación estatal nin na lexislación comparada autonómica precedente algún neste senso.

Cuestión distinta é a que atinxe ao falecemento dun titular; neste caso concreto, o precepto non regula unha transmisión, aínda que si contempla o dereito a solicitar o amarre, solicitude que de axustarse ao establecido na norma, vincula a un novo outorgamento de maneira rogada, pero non se trata dunha transmisión.

Dito o anterior e a propósito da opción de solicitar no caso de falecemento, parece razoable estimar a observación de estender o prazo previsto de 6 meses a un ano, dada a complexidade dos procedementos que certamente esixen os trámites legais por falecemento.

16. Sobre o artigo 120. Separación contable (actual 123 do ALPG).

A propósito deste artigo se argumenta a imposibilidade de que unha empresa poida dispoñer de contabilidades separadas.

Sobre esta observación, sinalar que o precepto, que por outra parte reproduce case literalmente o previsto na lei de Portos do Estado, se refire a usos e prácticas comerciais plenamente admitidas, e se ben fisicamente cando existe unha única empresa existirá unha única contabilidade, si resulta factible levar unha xestión separada nunha conta de resultados.

17. Sobre o artigo 134. Multas. (actual artigo 137 do ALPG).

Propoñen a rebaixa do importe das multas, rebaixa que non se estima axeitada por canto o texto, que en todo caso se limita a sinalar importes máximos, xa contempla rebaixas con respecto ao previsto na lexislación estatal, e neste senso, debe de terse en conta que os bens xurídicos protexidos son os mesmos en ambos os dous casos; así mesmo, manténdose ditos importes, considérase axeitado o reparto competencial que se recolle no artigo 144 do ALPG. Tampouco se estima axeitada a proposta no artigo 135, sobre recoñecemento de responsabilidade (actual artigo 138 do ALPG) de aumento da contía da bonificación do 30 por cento ao 50 por cento; a contía do 50 por cento só se contempla nunha norma, a Lei de Tráfico, se ben, só cabe nese caso, durante o prazo previsto dende que se notifica a iniciación do procedemento, que, caso de pago, finaliza nese mesmo intre e non é xa recorrible , o que ao contrario, si cabe coa regulación do anteproxecto que, asemade, contempla un suposto case idéntico ao previsto no artigo 158 da Lei 11/2008, de 3 de decembro, de Pesca marítima de Galicia.

CÁMARA DE COMERCIO, INDUSTRIA E NAVEGACIÓN DA CORUÑA.

Se limitan nas súas observacións a propoñer á extensión do prazo de vixencia das concesións no artigo 67 do ALPG a 50 anos, aspecto xa contemplado e comentado con anterioridade neste mesmo informe.

CONFEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DE GALICIA.

SERVIZOS CENTRAIS
Praza de Europa 5 A – 6º
Teléfono: 902 400 870 – Fax: 981 545 324
www.portosdegalicia.com
15707 SANTIAGO DE COMPOSTELA

1. Sobre o artigo 64 (actual artigo 67 do ALPG).

Suxiren tamén o aumento do prazo máximo de vixencia, que se aclare que dito prazo de vixencia máximo pode ser tamén aplicado ás concesións vixentes á entrada en vigor da norma, dado que o texto non conten unha disposición similar á transitoria 10ª da Lei de Portos do Estado, que se recolla por seguridade xurídica a non reversión de activos no caso de prórroga, e que por seguridade xurídica se prevea a inclusión de volume de inversión necesario para prórrogas.

Sobre este particular remitímonos ao xa comentado con anterioridade neste mesmo informe, engadindo unicamente, que se recolle tamén agora de maneira expresa no artigo 67 do ALPG a exclusión da reversión de activos para o caso de prórroga.

2. Sobre os plans directores de infraestruturas (artigo 32 ALPG).

Consideran en xeral razoable a redacción e as previsións contidas neste precepto, se ben, consideran que coa mención a instalacións, tendo en conta a definición do artigo 4 do ALPG, o obxecto é demasiado amplo.

Considerándose razoable esta apreciación se suprime a mención a instalacións neste artigo.

MARINAS DE GALICIA.

1. Sobre prazo das concesións.

Suxiren o seu aumento na liña co xa exposto noutros apartados deste informe aos que nos remitimos.

2. Sobre as prórrogas das concesións.

Tamén na liña do xa exposto, suxiren contemplar prórrogas tanto si se prevén no título como en caso contrario, aspecto este que queda resolto coa nova redacción dada a Disposición Transitoria 1ª; non se estima axeitado pola contra a inclusión de prórrogas excepcionais de ata 75 anos en liña co que fai o Estado, por resultar un prazo a todas luces excesivo atendendo á tipoloxía dos nosos portos e ao tipo de actividades e instalacións usuais neles.

3. Sobre a incorporación de normas sobre taxas portuarias e diversas observacións en canto a fiscalidade.

O texto se remite nos aspectos sobre taxas e fiscais, á Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia.

Se valora manter nesa Lei toda a regulación sobre fiscalidade portuaria, precisamente polo seu carácter cambiante, e por tanto, polas vantaxes que ten introducir as modificacións que se efectúan anualmente nas correspondentes Leis de Orzamentos.

Engadir por outra parte a propósito doutras consideracións que se recollen neste apartado, que moitas delas, como a relativa ao suxeito pasivo do IBI, constitúen lexislación básica estatal.

SERVIZOS CENTRAIS
Praza de Europa 5 A – 6º
Teléfono: 902 400 870 – Fax: 981 545 324
www.portosdegalicia.com
15707 SANTIAGO DE COMPOSTELA

4. Sobre o artigo 68 (actual 71 do ALPG) e os supostos previstos nos que é preciso convocar concurso público previo ao outorgamento de concesión, se clarifica, en base ao observado a redacción do apartado que se refire a portos deportivos, para que quede claro que se regula un único supostos que incorpora un requisito a maiores do esixido na TRLPEMM.

Sobre a redacción deste apartado, remitímonos ao comentado con anterioridade a propósito das observacións formuladas por ASNAUGA.

5. Sobre a composición do Consello Reitor de Portos de Galicia, e a opción de que se inclúa nel un representante da patronal de portos, lembrar que a composición concreta do Consello se regula e enumera de maneira detallada no D. 227/1995, que aproba o regulamento de Portos de Galicia, e que manterá a súa vixencia agás naqueles aspectos regulados neste Lei que modifiquen ou se opoñan ás disposicións do regulamento, e que sen prexuízo de modificacións que se poidan efectuar no futuro, na actualidade, en concreto no artigo 10 do D. 227/1995, xa se contempla a presenza de representantes de sectores económicos relacionados coas actividades portuarias.

6. Sobre xestión de amarres de "náutica popular".

Partindo de que en determinados casos Portos de Galicia xestiona de maneira directa pantaláns deportivos, convivindo no mesmo porto coa xestión dun concesionario, que presta mais servizos, entenden que unha xestión integral nun único concesionario traduciríase en maior eficiencia na explotación.

Esta observación non se comparte nin dende o punto de vista legal, dado que ningunha concesión pode ter carácter de exclusiva nun porto, e moito menos monopolizar a xestión dun servizo nel nunha posición de claro abuso de marcado, e ao contrario, consideramos que as dúas xestións, unha mais barata pero con menos servizos, e outra con mais servizos pero mais cara, son perfectamente compatibles e diversifican a oferta á que poden acceder os usuarios.

7. Sobre a continuidade da explotación das concesións extinguidas.

Observan que dalgunha maneira se debe de valorar cando se extingue unha concesión o esforzo e as inversións realizadas polo concesionario.

Esta suxerencia non poden ter inclusión na Lei; resulta dende logo factible que un concesionario solicite a renovación ou o outorgamento dunha nova concesión cando se extingue a que viña disfrutando, pero este feito non lle pode poñer de ningunha das maneiras nunha posición de vantaxe competitiva con respecto a outros posibles solicitantes; as concesións se outorgan a "risco e ventura" dos concesionarios, que terán que calcular sobre a base dos preceptivos estudios económicos e de mercado que se esixen, os prazos de amortización das instalacións que, de se-lo caso, esixa a concesión.

8. Sobre ordenación territorial, planificación urbanística e usos.

Sen facer cita concreta de ningún precepto do anteproxecto, consideran negativo en xeral na redacción dos plans especiais a excesiva inxerencia dos Concellos sobre a base de criterios municipalistas negativos para o sector portuario.

Sobre esta apreciación, apuntar brevemente que o anteproxecto, contempla, en concreto no artigo 38, a previsión dun procedemento cara á aprobación dos plans especiais, extensamente comentado a propósito das observacións formuladas pola Secretaría Xeral de Ordenación do territorio e de Urbanismo, que, sobre a base de aplicar o previsto no artigo 90 da LOUG para as promocións por particulares, permita arbitrar prazos preceptivos con silencio positivo tanto para a probación inicial como para aprobación definitiva dos plans, de xeito que respectando a normativa básica urbanística e a reserva do que aconteza con cada tramitación, impida paralizacións nas tramitacións que non teñan a súa orixe na propia lóxica da tramitación, ou en criterios estritamente portuarios.

9. Sobre ampliacións de portos non previstas no planeamento, propoñen procedementos mais áxiles, en especial cando responda motivos de seguridade.

Sobre este aspecto, dicir que as cuestións de procedemento cando se trata da construción dun novo porto, ou da ampliación dun xa existente, dificilmente se poden modificar, cando sobre eles conflúe toda unha serie de normativa básica estatal, como a relativa a adscricións ou a medioambiental, normativa que esta Lei non pode alterar.

COMISIÓN OBREIRAS.

1. Sobre o artigo 13. Consello Reitor.

Sobre a proposta de mención aos representantes de persoal entre os membros do Consello Reitor, dicir que esta xa está prevista no regulamento de Portos de Galicia (D. 227/1995) que, como repetidamente se ven citando neste informe, mantén a súa vixencia, agás naqueles aspectos puntuais que se opoñan ao previsto nesta Lei, o que non acontece neste caso.

Sobre as observacións a este mesmo artigo, se incorpora entre as facultades do Consello Reitor, de acordo co establecido no artigo 58.2 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, a aprobación, xunto coa dotación de persoal, da proposta de relación de postos de traballo.

2. Sobre o artigo 24. Réxime de persoal (actual artigo 27 do ALPG) e a inclusión dun artigo 24 bis.

A meirande parte das propostas de modificación a incluír neste artigo, xa se contemplan sobre a base das observacións e dos trámites, neste aspecto preceptivos, efectuados coas Direccións Xerais da Función Pública e de Planificación e Orzamentos, así como por parte da Secretaría Xeral Técnica e do patrimonio da Consellería de Facenda.

Sobre a mención concreta neste artigo á participación que deben de asumir os representantes do persoal, entendemos absolutamente redundante a súa inclusión. As competencias que deben de asumir os representantes de persoal son as previstas no Convenio colectivo propio, e loxicamente no Real Decreto Lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, que aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, competencias que dende logo non se discuten.

A mesma redundancia cabe afirmar respecto ao contido do artigo 24 bis na redacción que propoñen.

SERVIZOS CENTRAIS
Praza de Europa 5 A – 6º
Teléfono: 902 400 870 – Fax: 981 545 324
www.portosdegalicia.com
15707 SANTIAGO DE COMPOSTELA

Tanto a composición dunha relación de postos de traballo como o seu procedemento de aprobación, teñen a súa regulación propia noutra normativa, e a competencia sobre a proposta de aprobación xa se inclúe no artigo 13.

3. Sobre o artigo 123. Regulamento de explotación e policía.

Sobre a proposta de poñer un límite temporal máximo para a elaboración, aínda admitindo que poida ser o desexable pode resulta dificilmente asumible na práctica pola complexidade que implica, polo que non se estima conveniente a súa inclusión.

En canto as propostas sobre sobre a súa tramitación se rexeitan sen mais: a aprobación dun documento desta índole esixirá sen dúbida o sometemento en primeiro lugar ao procedemento previsto na normativa autonómica para aprobar normas de rango regulamentario, e dentro dese proceso de elaboración e aprobación, será preciso solicitar o informe de diversas dependencias administrativas, non sempre autonómicas, e organizacións, sen que proceda agora nesta norma facer unha mención individualizada a determinados suxeitos.

Santiago de Compostela, a 23 de outubro do 2015.

O xefe do Departamento de Sª.X.- Asesoría Xurídica, -Manuel Bautís Cheda-	O xefe da División Xurídica, -Jesús Javier Fernández Barro-
CONFORME, O DIRECTOR, -José Ignacio Villar García-	

XUNTA DE GALICIA
Portos de Galicia
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E DO MAR